

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 31 de XULLO de 2008**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión Plenaria ordinaria que se celebrará o xoves, día 31 de xullo de 2008, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 7/08, do 27 de xuño.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 9.301 á nº 11.250, de 2008.

### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

3.-Aceptación da ampliación e prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Cabanas.

4.-Aceptación da ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Vilarmaior.

5.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Boimorto.

6.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Brión.

7.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Cabana de Bergantiños.

8.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Cesuras.

9.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Dumbría.

10.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Laxe.

11.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Muros.

12.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Narón.

13.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Neda.

14.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de San Sadurniño.

15.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Vimianzo.

16.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Cerdido.

17.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Fene.

18.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Fisterra.

19.-Rectificación de erro material no ditame da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Ordes.

20.-Modificación da base 48ª das de execución do orzamento provincial 2008 relativa ás subvencións nominativas.

21.-Dar conta das actuacións de comprobación dos estados de situación e operacións recadatorias realizadas pola Comisión Liquidadora nas distintas zonas recadatorias correspondente ao exercicio 2007 e determinación das actuacións que se han realizar no exercicio 2008.

22.-Conta da Xestión Recadatoria dos recursos propios relativa ao exercicio 2007.

23.-Proxecto REDE-XIANA. (Xestión integral, accesibilidade, novas tecnoloxías e adaptabilidade no mercado laboral).

24.-Convenio coa ONGD “Enxeñería sen fronteiras-Galicia”, para o financiamento do proxecto Fase I da mellora e ampliación do sistema de abastecemento de auga na comunidade de La Majada, municipio de Marcovia, Honduras.

25.-Convenio coa Asociación “Solidariedade galega co pobo saharauí” para o financiamento de proxecto “vacacións en paz 2008”.

26.-Informe sobre a proposta dunha entrega a conta extraordinaria pola Recadación voluntaria do primeiro semestre do 2008 aos concellos que delegaron a xestión do imposto sobre vehículos de tracción mecánica e de taxas municipais de cobro por recibo.

### **Cooperación e Asistencia aos Concellos**

27.-Aprobación da modificación da distribución interna do financiamento do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local (POS) 2006, en relación co préstamo destinado ao financiamento da obra nº 97.

28.-Aprobación do proxecto reformado da obra "San. Depuración en Regoufe" do Concello de Teo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local (POS) 2007. Código 07.2100.0363 .0

29.-Aprobación da modificación do proxecto da obra "Mellora de camiño de Pedreda" do Concello de Padrón, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007. Código 07.3100.0192.0

30.-Modificación do convenio administrativo para financiar o Programa de agricultura sostible promovido polos Concellos de Ames, Rois e Dodro para os anos 2007 e 2008 para incorporar o Concello de Brión.

31.-Rectificación do erro no acordo plenario con data do 30-05-2008 polo que se aprobou o Programa de apoio ao proxecto Cidades Dixitais

### **Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento**

32.-Convenio de colaboración con Cruz Vermella para adquisición de dúas ambulancias e cesión a dita entidade.

33.-Convenio de colaboración co Concello de Coristanco para iluminación na travesía do lugar de San Roque.

34.-Convenio de colaboración co Concello de Muxía para arranxo de camiños, castelos Santirso e Senande.

35.-Convenio de colaboración co Concello de Mañón para climatización de piscina do Barqueiro.

36.-Convenio de colaboración co Concello de Melide para reposición da cuberta da piscina municipal.

37.-Convenio de colaboración co Concello de Cee para reparación de pavillón polideportivo municipal.

38.-Convenio de colaboración co Concello de Boiro para construción do centro sociocultural e de usos múltiples (2ª fase). Estrada Boiro-Cabo de Cruz.

39.-Convenio de colaboración co Concello de Paderne para adquisición cargadora retroescavadora e carpa.

40.-Convenio de colaboración co Concello de Cesuras para adquisición tractor e trituradora.

41.-Convenio de colaboración co Concello de Corcubión para subministración de vehículo-furgón, remolque, desbrozadora e cortacésped.

42.-Convenio de colaboración co Concello de Fene para adquisición de máquina limpeza de rúas, máquina trituradora de podas, hidrolimpadora e furgoneta.

43.-Convenio de colaboración co Concello de Sobrado para adquisición de tractor desbrozadora.

44.-Convenio de colaboración co Concello de Vilarmaior para desmalezadora e motovarredora para polideportivo.

45.-Adquisición de accións de Xestur S.A. con motivo da ampliación de capital.

## **Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

46.-Aprobación do PROXECTO REFORMADO DA E.P. 3302 ESCRAVITUDE A SAN JULIAN DE LAÍÑO, P.K. 5,3 AO P.K. 5,71 (ROIS) (Plan travesías 2005, 1ª fase).

47.-Ratificación de solicitude á Xunta de Galicia de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 7103 DE LARANGA A OLVEIRA POR SERÁNS, P.K. 0+000 AO P.K. 6+100 (PORTO DO SON) (Plan de vías provinciais 2006-2008, 5ª relación).

48.-Ratificación de solicitude á Xunta de Galicia de declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de ENSANCHE, MELLORA DO TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0512, O BIRLOQUE-ARTEIXO, PK 3,020 A PK 5,300 (A Coruña) (Plan de vías provinciais 2006-2008, 5ª relación).

49.-Aprobación do PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2008, 3ª fase integrado polo Proxecto modificado de mellora da seguridade viaria na E.P. 0205 de Bertamiráns á Ramallosa. Proxecto de intersección da Bola.

## **Persoal e Réxime Interior**

50.-Modificación do Cadro de persoal e da Relación de Postos de Traballo do ano 2008.

51.-Aprobación inicial do Regulamento polo que se actualizan os ficheiros de datos de carácter persoal da Deputación Provincial da Coruña.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS



DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO HIGINIO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DOÑA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

A Sra. Vázquez Veras entra no salón no punto número 3.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario xeral le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 7/08, DO 27 DE XUÑO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 7/08, do 27 de xuño.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 9.301 Á Nº 11.250, DE 2008.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 9.301 á nº 11.250, de 2008.



### **3.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN E PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CABANAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cabanas en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da Lei de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, incluíndo a colaboración previa co concello para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeran as infraccións.

2º.- Aceptar a prolongación das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 acordada polo Concello de Cabanas.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

### **4.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE VILARMAIOR.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Vilarmaior en relación coa seguinte materia:

- A facultade para, de acordo co disposto no artigo 77 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co imposto sobre bens inmobles.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da

Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **5.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BOIMORTO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello da Boimorto. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 28 de febreiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **6.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE BRIÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Brión. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 27 de febreiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **7.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Cabana de Bergantiños. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 26 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **8.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CESURAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Cesuras. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 25 de abril de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **9.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE DUMBRÍA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo

Concello de Dumbria. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 7 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **10.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE LAXE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Laxe. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 14 de abril de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **11.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MUROS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinarmente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Muros. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 27 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **12.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE NARÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga ata o 1 de xaneiro de 2022 das delegacións de competencias en materia tributaria que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Narón. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 27 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos Concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **13.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE NEDA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga ata o 1 de xaneiro de 2022 das delegacións de competencias en materia tributaria que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Neda. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 26 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **14.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de San Sadurniño. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 1 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **15.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE VIMIANZO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria durante 10 anos máis, a partir do remate do período actual da dita delegación, ou sexa, a partir do 1 de xaneiro de 2012 e ata o 1 de xaneiro de 2022 acordada polo Concello de Vimianzo.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **16.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CERDIDO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Cerdido. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 29 de febreiro de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **17.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE FENE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prolongación durante 10 anos máis a partir do remate do período actual de delegación, é dicir, a partir do 1 de xaneiro de 2012, da delegación do exercicio de competencias tributarias acordada polo Concello de Fene.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **18.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE FISTERRA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Fisterra. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 6 de maio de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

### **19.-RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO DITAME DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ORDES.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Corrixir o erro material no ditame referido a aceptación da prórroga da delegación de competencias tributarias do Concello de Ordes, onde di período 01/01/2012 a 31/12/2022 debe dicir período **01/01/2012 a 31/12/2021**.

En consecuencia o acordo debe quedar redactado no seu texto integro, do seguinte modo:

Aceptar a delegación das facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos de competencia municipal para o período 01/01/2012 a 31/12/2021 acordada polo Concello de Ordes.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”



**20.-MODIFICACIÓN DA BASE 48ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL 2008 RELATIVA ÁS SUBVENCIONS NOMINATIVAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificación da base 48ª de execución do orzamento provincial.

1º-1 Incluir as subvencións nominativas que se enumeran a continuación as recollidas na base 48ª do Orzamento provincial do exercicio 2008, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do regulamento da Lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPUESTO SUBVENCIONADO	% COEF. FINAN.
0104/330B/489.01	Asoc. Solidariedade galega co pobo Saharauí	Financiamento do proxecto vacacións en paz 2008	60.000,00	75.400,00	79,
0104/330B/789.01	ONGD Enxeñería sen Fronteiras-Galicia	Financiamento do proxecto Fase I da mellora e ampliación do sistema de abastecemento de auga na comunidade de <i>Majada, municipio de Marcovia Honduras</i>	27.479,69	40.303,19	68,
0104/463C/489.01	Fundación Galicia emigración	Accións de asistencia social e sanitaria dirixida aos colectivos de emigrantes en Iberoamerica e emigrantes retornados	60.000,00	75.000,00	80,
0104/463C/489.01	Fundación Galicia América	Concesión bolsas estudos aos descendentes de galegos, alumnos do Colexio <i>Santiago Apóstol de Buenos Aires</i>	50.000,00	92.500,00	54,
0305/322C/489.01	Cámara de comercio de A Coruña	Promoción do emprego na provincia	100.000,00	125.000,00	80,
0305/322C/489.01	Cámara de comercio de Ferrol	Promoción do emprego na provincia	100.000,00	127.500,00	78,
0305/322C/489.01	Cámara de comercio de Santiago de Compostela	Promoción do emprego na provincia	100.000,00	125.000,00	80,

1º-2 Deixar sen efecto por renuncia da entidade beneficiaria a subvención nominativa recollida na base 48ª do Orzamento provincial do exercicio 2008 que se enumera a continuación:

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
0305/322C/489.01	Consello Galego de Cámaras de Comercio da provincia da Coruña	Actividades de formación e de promoción do emprego na provincia	300.000,00

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

**21.-DAR CONTA DAS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN DOS ESTADOS DE SITUACIÓN E OPERACIÓNS RECADATORIAS REALIZADAS POLA COMISIÓN LIQUIDADORA NAS DISTINTAS ZONAS RECADATORIAS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2007 E DETERMINACIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE HAN REALIZAR NO EXERCICIO 2008.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Esta Comisión á vista das actas de comprobación emitidas polos integrantes da Comisión liquidadora, adopta o seguinte acordo:

1º.- Toma de coñecemento do contido das actas da Comisión Liquidadora sobre as actuacións de comprobación dos estados de situación das operacións recadatorias correspondentes ao exercicio 2007.

2º.-Fixar que as actuacións comprobatorias que se han realizar neste exercicio 2008 se orienten principalmente a revisar a xestión recadatoria realizada nos seguintes apartados:

- Os valores pendentes de cobro cunha antigüidade superior ós tres anos.
- Os valores afectados por resolucións de suspensión, aprazamento e fraccionamento.
- Os valores obxecto de derivación de responsabilidade a que se refire o artigo 43 da Lei xeral tributaria.
- Os valores ou créditos declarados incobrables nos tres últimos exercicios por unha contía acumulada superior aos 300 euros e comprobar se existindo indicios de solvencia sobrevida se procedeu á súa rehabilitación.
- Os embargos de activos financeiros e dereitos de crédito realizados nos tres últimos exercicios de contía superior aos 300 euros, verificando o efectivo cumprimento polas entidades colaboradoras, xestoras, depositarias ou debedores das dilixencias de embargo.”

**22.-CONTA DA XESTIÓN RECADATORIA DOS RECURSOS PROPIOS RELATIVA AO EXERCICIO 2007.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar os estados demostrativos da xestión recadatoria dos recursos propios, correspondentes ao exercicio 2007, que se resume no anexo.”

**23.-PROXECTO REDE-XIANA. (XESTIÓN INTEGRAL, ACCESIBILIDADE, NOVAS TECNOLOXÍAS E ADAPTABILIDADE NO MERCADO LABORAL).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Tomar coñecemento da subvención concedida pola Dirección Xeral de Cooperación Local, prevista no Programa operativo “Adaptabilidade e emprego”, para financiar o proxecto “REDE XIANA” segundo o estipulado nas Bases reguladoras de axudas do Fondo Social Europeo-convocatoria 2007, aprobadas por Resolución da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial do 7 de novembro de 2007, sendo o presuposto total da execución o seguinte:

Achega F.S.E.:	3.107.296,80
Achega fondos propios:	776.824,20
<b>TOTAL PROXECTO:</b>	<b>3.884.121,00</b>

2º.- Aprobar a posta en marcha do proxecto REDE XIANA e facultar á Presidencia para realizar as xestións necesarias para a súa execución, de acordo co seguinte presuposto:

IMPUTACIÓN TEMPORAL					
PARTIDA	DOTACIÓN	2008	2009	2010	2011
0104/322C/131.00	445.464,79	75.174,71	149.019,55	148.150,19	73.120,34
0104/322C/160.00	138.486,21	22.150,81	45.630,64	46.500,00	24.204,76
0104/322C/226.99	238.000,00	33.083,33	84.666,67	84.666,67	35.583,33
0104/322C/227.99	2.189.440,00	106.666,67	1.031.973,33	1.017.333,33	33.466,67
0104/322C/481.01	872.730,00	0,00	458.280,00	414.450,00	0,00
<b>Total proxecto</b>	<b>3.884.121,00</b>	<b>237.075,52</b>	<b>1.769.570,19</b>	<b>1.711.100,19</b>	<b>166.375,10</b>

**24-CONVENIO COA ONGD “ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS-GALICIA”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO FASE I DA MELLORA E AMPLIACIÓN DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA COMUNIDADE DE LA MAJADA, MUNICIPIO DE MARCOVIA, HONDURAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do seguinte convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ONGD *Enxeñería sen Fronteiras-Galicia*”; para o financiamento do proxecto “Fase I da mellora e ampliación do sistema de abastecemento de auga na Comunidade de la

Majada, municipio de Marcovia, HONDURAS cunha achega provincial de 27.479,69 euros ( o que representa unha porcentaxe de financiamento do 68,18%),imputándose na partida 0104/330B/789.01 do vixente orzamento xeral para 2008.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ONGD “ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS-GALICIA”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “FASE I, DA MELLORA E AMPLIACIÓN DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA COMUNIDADE DA MAJADA, MUNICIPIO DE MARCOVIA, FONDURAS”**

Na Coruña, o de de dous mil oito.

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Rubén Enrique Benavides González, DNI ....., en representación da Ongd Enxeñería sen Fronteiras Galicia, Cif G36774271, con domicilio social na ETS de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos, Campus de Elviña, s/n, A Coruña, como presidente da citada entidade.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

**EXPOÑEN**

**Primeiro.** ESF-Galicia é unha organización non governamental para o desenvolvemento, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número 126449, desde 2003, e no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais de Axuda ao Desenvolvemento, co código SGPA 95/10-ONGD-029, desde 1995.

**Segundo.** O proxecto que vai executar ESF-Galicia en Honduras denomínase “Fase I, da mellora e ampliación de sistema de abastecemento de auga na comunidade de La Majada, municipio de Marcovia, Honduras”, que está enmarcado no programa “Redución da vulnerabilidade en áreas empobrecidas, a través do acceso a auga potábel, o saneamento e a xestión sostíbel dos recursos hídricos e do territorio, con enfoque de cunca hidrográfica, no Salvador, Honduras e Nicaragua”, que se desenvolveu coa colaboración de varias asociacións pertencentes á Federación Española de Enxeñería Sen Fronteiras e co apoio financeiro da Axencia Española de Cooperación Internacional de Desenvolvemento e outros cofinanciadores públicos e privados.

Sen prexuízo da intervención doutras entidades, institucións, comunidades e grupos de traballo, a execución material do proxecto estará a cargo, principalmente, dunha contraparte local, que neste caso é a Alcaldía de Marcovia, a través da súa Unidade Técnica Municipal. Desta forma refórzanse as súas competencias no ámbito da auga potábel e do saneamento, e garántese a súa viabilidade e sostibilidade. ESF-Galicia, a través do persoal técnico expatriado en Honduras, coordinará e colaborará no seguimento da execución do proxecto, xunto coa contraparte principal e dos demais participantes no proxecto.

**Terceiro.** Tanto o “Plan director da cooperación española 2005 - 2008”, como o “Plan director da cooperación galega 2006 – 2009”, inclúen a Honduras entre as prioridades xeográficas da axuda oficial ao desenvolvemento. Así mesmo, o proxecto está en sintonía coas prioridades transversais e sectoriais que fixan ambos documentos de programación.

**Cuarto.** Tanto a normativa estatal, contida esencialmente na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, como a galega, Lei 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, contemplan ás entidades locais, entre outras institucións, como principais actores nesta materia, razón pola cal a Deputación da Coruña desexa colaborar coa Asociación Addis-Galicia na execución do proxecto mencionado, e para tal efecto concertan as seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Ongd Enxeñería sen Fronteiras Galicia, Cif G36774271, para o financiamento dun proxecto de cooperación internacional ao desenvolvemento, denominado “Fase I, da mellora e ampliación de sistema de abastecemento de auga na comunidade de La Majada, municipio de Marcovia, Honduras”.

O proxecto, que se incorpora como anexo a este convenio, consiste na execución dun sistema de auga e capacitación comunitaria en sistemas de auga e saneamento, en dúas comunidades rurais, La Majada e O Zapote, que para efectos administrativos e de execución do proxecto agrúpanse nunha única comunidade, La Majada, do municipio de Marcovia, Departamento de Choluteca, en Honduras, do que se beneficiarán unhas 46 familias, 275 persoas.

### SEGUNDA.-ORZAMENTO DE EXECUCIÓN

O orzamento de execución, segundo se indica en proxecto que se acompaña (pág. 36 e seguintes), ascende a 40.303,19 € e ten o seguinte detalle:

- Gastos directos:	37.805,04
• Terreos e inmobles	1.600,00
• Construción/reformas	23.125,07
• Material (consumible)	427,50
• Persoal (local, expatriado e en sede)	11.038,07
• Servizos técnicos	1.120,00
• Funcionamento no terreo	24,00
• Viaxes, aloxamento e axudas de custo	470,40
-	
- Gastos indirectos:	2.498,15
• Total gastos indirectos	2.498,15
<b>TOTAL</b>	<b>40.303,19</b>

### TERCEIRA: FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento do proxecto, tal e como se define na

cláusula anterior, cunha achega máxima de VINTE E SETE MIL CATROCENTOS SETENTA E NOVE, CON SESENTA E NOVE EUROS (27.479,69 €), o cal representa unha porcentaxe do 68,18 %.

2.No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 68,18 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula II, se entenderá que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0104/330B/78901, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. No caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións, se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

#### **CUARTA: CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.Sen prexuízo da intervención doutras entidades, institucións, comunidades e grupos de traballo, a execución material do proxecto estará a cargo, principalmente, dunha contraparte local, que neste caso é a Alcaldía de Marcovia, a través da súa Unidade Técnica Municipal. Desta forma refórzanse as súas competencias no ámbito da auga potábel e do saneamento, e garántese a súa viabilidade e sostibilidade.

2. ESF-Galicia, a través do seu persoal técnico expatriado en Honduras, coordinará e colaborará no seguimento da execución do proxecto, xunto coa contraparte principal e dos demais participantes no proxecto, correspondéndolle a realización das actuacións necesarias para verificación e acreditación documental da súa execución, transferindo á Alcaldía de Marcovia as achegas económicas correspondentes.

3.Para asegurar a verificación documental do cumprimento do obxecto do presente convenio, ESF-Galicia poderá solicitar o apoio das dependencias da Administración española no exterior radicadas en Honduras (Oficina da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento da demarcación ou outros recursos que puidese poñer ao dispor da Embaixada ou Oficina Consular correspondente)

#### **QUINTA: PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión ao financiamento provincial e a deixar constancia diso.

#### **SEXTA: XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN**

1.A subvención provincial poderá fraccionarse nun máximo de tres pagamentos, que se materializarán mediante transferencias bancarias á conta facilitada pola ESF-Galicia, tras a presentación da correspondente conta xustificativa de gastos e na porcentaxe de financiamento establecido (68,18 %), sen que en ningún caso os pagamentos totais poidan exceder do importe máximo da axuda concedida (27.479,69 €):

- Informe xeral (parcial ou final), suscrito polo representante de ESF-Galicia, relativo á execución do proxecto. Dito informe aludirá ao grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos e irá acompañado, se é o caso, daqueles outros informes externos que a beneficiaria puidese obter para facilitar o control, seguimento e avaliación de resultados.
  - Co primeiro pagamento presentárase copia cotexada do convenio coa Alcaldía de Marcovia, autorizando a execución do proxecto e aceptando a intervención de ESF-Galicia como entidade colaboradora.
  - Compromiso da Alcaldía de Marcovia de destinar e manter as instalacións á finalidade para a que foron realizadas durante un período de polo menos 5 anos.
  - Documentación gráfica do estado de execución do proxecto, así como da difusión dada á colaboración da Deputación da Coruña (as fotografías deberán vir dilixenciadas no reverso).
  - Certificacións de obra emitidas e/ou validadas pola Alcaldía de Marcovia, en caso de pagamentos parciais.
  - Co último pagamento, acta de entrega das obras a favor da Alcaldía de Marcovia, se se realizan por contrata, na que se faga constar a recepción de conformidade delas, ou certificación de finalización das obras, se se realizan por administración, emitida e/ou validada pola Alcaldía de Marcovia.
  - Facturas orixinais de adquisición do equipamento, así como doutros gastos relacionados coa execución do proxecto (que unha vez dilixenciadas pola Deputación poderán ser devoltas á beneficiaria).
  - Una vez realizados os pagamentos da subvención provincial, ESF-Galicia deberá xustificar a entrega e recepción dos fondos a favor de Alcaldía de Marcovia.
  - Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto.
- 2.A entidade beneficiaria poderá solicitar que se realice un primeiro pagamento con carácter de anticipo de fondos, por un importe máximo do 20 % da axuda concedida e sen necesidade de presentación de garantía. O importe anticipado deducirase dos pagamentos sucesivos a que teña dereito.
  - 3.Non será posible expedir un pagamento anticipado se a beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades, ou se non xustificou dentro do prazo previsto.
  - 4.Para a recepción dos fondos anticipados a beneficiaria deberá ter unha conta bancaria co título "Fase I, da mellora e ampliación de sistema de abastecemento de auga na comunidade de La Majada, municipio de Marcovia, Honduras", con cargo á cal deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que correspondan á realización do proxecto subvencionado. Un extracto da conta deberá remitirse á Deputación xunto coa xustificación documental correspondente.
  - 5.Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.
  - 6.Os pagamentos que se realicen haberán de ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no devandito departamento.
  - 7.Cando na conta xustificativa se utilice unha moeda distinta do euro, a Unidade Xestora (Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea) determinará o tipo de troco aplicable, tendo en conta o momento de realización das operacións, así como as flutuacións monetarias.



## **SÉTIMA: PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN**

1.O proxecto obxecto de financiamento provincial deberá estar finalizado antes do 31.10.2009. Unha vez executado, e sen prexuízo das xustificacións parciais que se poidan ter realizado, ESF-Galicia deberá presentar a xustificación final un antes do 30.11.2009.

2.De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación algunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e sen prexuízo das responsabilidades a que teña lugar. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

3.O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria teña indicado. Se transcorresen máis de catro meses desde a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se perciba o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo do interese legal, que se reporten desde o remate do prazo de catro meses ata o momento en que se faga o pagamento.

## **OITAVA: ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS**

1.Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2 A sinatura do presente convenio comporta a autorización para que a Deputación da Coruña poida obter as citadas certificacións telematicamente.

## **NOVENA: DESTINO E MANEXO DE FONDOS RECIBIDOS**

1.A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3.Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **DÉCIMA:CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcta financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA:I REINTEGRO INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se reporten desde o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación vixente.

3.De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación vixente, a demora na realización das obras comportará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se a demora excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4.Se a demora se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20%, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e supoñerá o 30%, co límite de 900,00 €.

## **DÉCIMO SEGUNDA: INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á base de datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro

2.Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

## **DÉCIMO TERCEIRA: VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro de 2009.

2.Despois da solicitude previa da entidade beneficiaria, realizada polo menos cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e tras os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación.

3.Tamén por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e tras os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **DÉCIMO CUARTA.: NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolve-las dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, tras os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.

3.Corresponderalle aos órganos da Xurisdición do Contencioso-Administrativo, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL    O REPRESENTANTE DE ESF-GALICIA  
DA CORUÑA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo. Rubén Enrique Benavides González

2º.- Facultar ao presidente para a sinatura do convenio. “

**25.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN “SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ” PARA O FINANCIAMENTO DE PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2008”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do seguinte convenio de colaboración entre a Deputación de A Coruña e a ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ”; para colaborar no financiamento do proxecto “Vacacións en paz 2008” cunha achega provincial de 60.000,00 euros ( o que representa unha porcentaxe de financiamento do 79,58%), imputándose na partida 0104/330B/489.01 do vixente orzamento xeral para 2008.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A “ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ”, PARA COLABORAR NO FINANCIAMENTO DO PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2008”**

*Na Coruña, a                    de                    de dous mil oito.*

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Bernardo Porto Sánchez, con DNI 35.546.445-Z, en representación da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, CIF: G-15924558, con domicilio social en Avda. do alcalde Gregorio Espino, 32- entreplanta C, Vigo (Pontevedra), en como presidente da citada asociación.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

**EXPOÑEN**

Primeiro. A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí é unha asociación sen

ánimo de lucro, constituída no ano 2004, ao abeiro da Lei 1/2002, do 22 de marzo, Reguladora do dereito de asociación. Entre os seus fins figura, entre outros, proporcionar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharauí e, en xeral, a promoción dos vínculos da sociedade galega co pobo e a cultura saharauí.

Segundo. O programa “Vacacións en Paz” se vén desenvolvendo desde hai xa algúns anos, coa colaboración de diversas entidades públicas (concellos, deputacións, etc.) e privadas, en todo o territorio español. Na súa virtude, e na actualidade, miles de nenos/as saharauís abandonan temporalmente as duras condicións de vida dos seus lugares de orixe, para pasar o período de vacacións escolares nun ambiente distinto, acollidos por familias españolas.

Terceiro. O proxecto estará a cargo da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, que o executará en colaboración coa Delegación saharauí para Galicia e as familias e concellos de acollida.

Cuarto. O Plan director da cooperación española 2005-2008 prevé entre as prioridades xeográficas da cooperación española a axuda ao pobo saharauí. Por outra parte, o proxecto está en sintonía coas prioridades transversais e sectoriais do Plan director da cooperación galega 2006-2009, na medida que reforza o dereito ao desenvolvemento e contribúe á sensibilización e á educación para o desenvolvemento.

Quinto. Tanto a normativa estatal, contida esencialmente na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, como a galega, Lei 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, contemplan ás entidades locais, entre outras institucións, como principais actores nesta materia, razón pola cal a Deputación da Coruña desexa colaborar coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí na execución do proxecto mencionado, e para tal efecto concertan as seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO**

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, para financiar o proxecto de cooperación internacional ao desenvolvemento “Vacacións en Paz 2008”, consistente no traslado de 116 nenos/as saharauís desde os campamentos de refuxiados de Tinduf-Arxelia, ata a entrega ás familias de acollida nos concellos galegos que participan no programa, e o seu regreso aos lugares de orixe.

### **SEGUNDA. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN**

O orzamento total da execución do proxecto, que afecta a 116 nenos/as, ascende a 75.400 euros, o que representa un custo por neno/a de 650 euros, e no que se inclúen os seguintes conceptos:

- Billete de ida e volta de cada neno/a
- Póliza de seguro de responsabilidade civil
- Gastos e billetes de acompañantes e de manutención
- Gastos de xestión do programa

### **TERCEIRA: FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento do proxecto cunha subvención máxima de SESENTA MIL EUROS (60.000), o cal representa un coeficiente de financiamento do 79,58 %.

2.No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só aboará o importe que represente o 79,58 % da cantidade efectivamente xustificada.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0104/330B/48901, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. No caso de que a concorrencia doutras axudas ou subvencións, superase o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

### **CUARTA: CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.As actividades estarán a cargo de Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, en colaboración coa Delegación saharauí para Galicia e os concellos e familias de acollida.

2.En virtude do citado convenio, correspóndelle á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí a realización das actuacións necesarias para o control, autorizacións preceptivas para o desprazamento dos menores, seguimento, verificación e acreditación documental da súa execución.

### **QUINTA: PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión ao financiamento provincial e a deixar constancia diso.

## **SEXTA: XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN**

1.A subvención provincial poderá fraccionarse nun máximo de tres pagamentos, que se materializarán mediante transferencias bancarias á conta facilitada pola Asociación Solidariade Galega co Pobo Saharauí, despois da presentación previa da correspondente conta xustificativa de gastos e na porcentaxe de financiamento establecido (79,58 %), sen que en ningún caso os pagamentos totais poidan exceder do importe máximo da axuda concedida (60.000 €):

Informe xeral (parcial ou final), subscrito polo representante da Asociación Solidariade Galega co Pobo Saharauí, relativo á realización das actividades. Dito informe aludirá ao grao de cumprimento dos obxectivos perseguidos, e irá acompañado de documentación gráfica.

Relación nominal dos nenos/as participantes no programa, así como dos seus acompañantes, indicando o concello de acollida.

Acreditación documental das autorizacións preceptivas para o traslado das menores e a súa estadía en Galicia.

Facturas orixinais dos gastos relacionados coa execución do proxecto (que unha vez dilixenciadas pola Deputación poderán ser devoltas á beneficiaria).

Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto

2.A entidade beneficiaria poderá solicitar que se realice un primeiro pagamento con carácter de anticipo de fondos, por un importe máximo do 20 % da axuda concedida e sen necesidade de presentación de garantía. O importe anticipado deducirase dos pagamentos sucesivos a que teña dereito.

3.Non será posible expedir un pagamento anticipado se a beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades, ou se non xustificou dentro do prazo previsto.

4.Para a recepción dos fondos anticipados a beneficiaria deberá ter unha conta bancaria co título “Fondos para atender o proxecto Vacacións o Paz 2008”, con cargo á cal deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que correspondan á realización do proxecto subvencionado. Un extracto da conta deberá remitirse á Deputación xunto coa xustificación documental correspondente.

5.Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

6.Os pagamentos que se realicen haberán de ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no devandito departamento.



## **SÉTIMA: PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN**

1.O proxecto obxecto de financiamento provincial deberá realizarse antes do 30.09.2008, e unha vez finalizado, e sen prexuízo das xustificacións parciais que se puideran realizar, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación final antes do 31.10.2008.

2.De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

3.O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria teña indicado. Se transcorresen máis de catro meses desde a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se perciba o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo do interese legal, que se reporten desde o remate do prazo de catro meses ata o momento en que se faga o pagamento.

## **OITAVA: ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS**

1.Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinarase de oficio por esta.

## **NOVENA: DESTINO E MANEXO DE FONDOS RECIBIDOS**

1A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3.Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobramentos e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **DÉCIMA: CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Así mesmo, de acordo co que establece a Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA: INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se reporten desde o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación vixente.

3.De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación vixente, a demora na realización das obras comportará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se a demora excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4.Se a demora se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20%, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e supoñerá o 30%, co límite de 900,00 €.

#### **DÉCIMO SEGUNDA: INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da comunidade autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

### **DÉCIMO TERCEIRA: VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 30 de setembro de 2008.

2.Despois da solicitude da entidade beneficiaria, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e tras os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación.

3.Tamén por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **DÉCIMO CUARTA:. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN**

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de data

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN  
SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo. Bernardo Porto Sánchez

2º.- Facultar ao presidente para a firma do convenio. ”

### **26.-INFORME SOBRE A PROPOSTA DUNHA ENTREGA A CONTA EXTRAORDINARIA POLA RECADACIÓN VOLUNTARIA DO PRIMEIRO SEMESTRE DO 2008 AOS CONCELLOS QUE DELEGARON A XESTIÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA E DE TAXAS MUNICIPAIS DE COBRO POR RECIBO.**

O pleno toma coñecemento do informe sobre a proposa dunha entrega a conta extraordinaria pola recadación voluntaria do primeiro semestre do 2008 aos concellos que delegaron a xestión do imposto sobre vehículos de tracción mecánica e de taxas municipais de cobro por recibo.

**27.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL (POS) 2006, EN RELACIÓN CO PRÉSTAMO DESTINADO AO FINANCIAMENTO DA OBRA Nº 97.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o Plan de obras e servizos (POS) 2006 aprobado polo pleno da Deputación na sesión que tivo lugar o 23 de febreiro de 2006, financiado entre o MAP, os concellos e a Deputación con cargo a préstamo e aos seus fondos propios.

Tendo en conta que para o financiamento deste plan esta Deputación concertou un préstamo con Caixa Galicia que se debe consolidar pola proximidade da data de vencemento do período da súa disposición.

Tendo en conta que no citado Plan inclúese, entre outras, a obra do Concello de Cee denominada “Áreas recreativas Lobelos-Xallas” código 06.2100.0097.0 que na actualidade aínda se atopa pendente de adxudicar.

Modificar a distribución interna do financiamento da obra do Concello de Cee denominada “Áreas recreativas Lobelos-Xallas”, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2006, código 06.2100.0097.0, no sentido de substituír o financiamento previsto con cargo ao préstamo concertado por esta Deputación con Caixa Galicia, polo financiamento con cargo a fondos propios provinciais, tal e como se detalla na seguinte táboa :

Obra : “Áreas recreativas Lobelos-Xallas”			
Concello : Cee			
Código : 06.2100.0097.0			
	Financiamento inicial	Financiamento modif.	Diferenza
Deput. F. propios	49.234,45	86.359,62	+37.125,17
Deput. Préstamo	37.125,17	0	-37.125,17
Concello F. propios	4.545,24	4.545,24	0
TOTAL	90.904,86	90.904,86	0

A devandita modificación non afecta á execución desta obra nin do plan no seu conxunto, posto que se trata soamente de modificar a forma do financiamento da achega provincial á citada obra.”

**28.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "SAN. DEPURACIÓN EN REGOUFE" DO CONCELLO DE TEO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL (POS) 2007. CÓDIGO 07.2100.0363 .0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "San. Depuración en Regoufe” (código:07.2100.0363.0) do Concello de Teo, incluída no POS 2007, cun orzamento de contrata de 51.991,00 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio do obxecto nin da finalidade da obra, si implica alteración do contido do proxecto xa que varía o trazado inicial da canalización”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento total</u>
07.2100.0363.0	Teo	San. depuración en Regoufe	21.238,32	20.744,41	7.408,72	2.599,55	51.991,00

**29.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "MELLORA DE CAMIÑO DE PEDREDA" DO CONCELLO DE PADRÓN, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007. CÓDIGO 07.3100.0192.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra do Concello de Padrón que de seguido se relaciona, incluída no Plan de cooperación provincial 2007, que non representa variación no seu orzamento total nin varía a finalidade ou o obxecto da obra, pero si representa alteracións do contido do proxecto.”

<u>Código</u>	<u>Conc.</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación f.p.</u>	<u>Concello</u>	<u>TOTAL</u>
07.3100.0192.0	Padrón	Mellora camiño de Pedreda	232.522,43	0,00	<b>232.522,43</b>

**30.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO ADMINISTRATIVO PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE AGRICULTURA SOSTIBLE PROMOVIDO POLOS**

## CONCELLOS DE AMES, ROIS E DODRO PARA OS ANOS 2007 E 2008 PARA INCORPORAR O CONCELLO DE BRIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación do convenio subscrito entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Ames, Rois e Dodro para financiar o Programa de agricultura sostible promovido polos Concellos de Ames, Rois e Dodro.

2.- A achega provincial prevista no convenio non experimenta modificación e queda establecida nun total de 270.021,48 €. O financiamento do proxecto unha vez introducida a modificación e incorporación do concello de Brión quedaría establecida como segue:

	2007	2008	TOTAL	% inicial	% modificado
DEPUTACIÓN	123.568,80	146.452,48	270.021,48	80,00%	76,67%
AMES	22.396,88	26.544,51	48.491,40	14,50%	13,90%
DODRO	3.243,69	3.844,90	7.088,59	2,10%	2,01%
ROIS	5.251,68	6.223,70	11.475,38	3,40%	3,26%
BRIÓN	6.707,52	7.949,67	14.657,19	-	4,16%
Total anualidades	161.168,77	191.015,27	352.184,04	100,00%	100,00%

3.- O texto do convenio, unha vez introducida a modificación, quedaría redactado nos termos incorporados no documento anexo.”

MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE AMES, ROIS E DODRO PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE AGRICULTURA SOSTIBLE PROMOVIDO POLOS CITADOS CONCELLOS

A Coruña, de de dous mil oito, na sede da Excm. Deputación Provincial da Coruña

### REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.  
Doutra parte, D. Carlos Antonio Fernández Castro, alcalde-presidente do Concello de Ames.  
Doutra parte, D. Xosé Manuel Penas Patiño, alcalde-presidente do Concello de Rois.  
Doutra parte, D. José Fernando Vila Brión, alcalde-presidente do Concello de Dodro.

## EXPOÑEN:

1.- Que mediante resolución de Presidencia nº 7.749 con data do 4 de maio de 2008 aprobouse a formalización dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Ames, Rois e Dodro para financiar o programa de agricultura sostible promovido polos citados concellos.

2.- Que o citado convenio formalizouse en documento administrativo nº 63/2007 do 14 de maio

3.- Que por Acordo plenario con data de xuño de 2008 aprobouse a modificación do convenio no sentido de engadir como asinante nel ao Concello de Brión.

Por todo o exposto procede modificar o título, os asinantes do citado convenio e o reparto da achega provincial aos concellos polo que queda redactado este da seguinte maneira:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE AMES, ROIS, DODRO E BRIÓN PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE AGRICULTURA SOSTIBLE PROMOVIDO POLOS CITADOS CONCELLOS

A Coruña, de \_\_\_\_\_ de dous mil oito, na sede da Excm. Deputación Provincial da Coruña

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, D. Carlos Antonio Fernández Castro, alcalde-presidente do Concello de Ames.

Doutra parte, D. Xosé Manuel Penas Patiño, alcalde-presidente do Concello de Rois.

Doutra parte, D. José Fernando Vila Brión, alcalde-presidente do Concello de Dodro.

Doutra parte, D. José Luis García García, alcalde-presidente do Concello de Brión.

## EXPOÑEN:

Que o desenvolvemento do programa de apoio a iniciativas de produción agraria sostible, nace da atención a tres factores interrelacionados:

-O factor social promovendo e ofertando oportunidades de desenvolvemento económico e mellorando as condicións de vida e de traballo nas zonas rurais, evitando o seu paulatino despoboamento.

-O factor económico, diversificando o sector agrario e valorizando e potenciando as producións tradicionais e os mercados locais como valores endóxeos do territorio.

-O factor ambiental, co fomento de prácticas ambientais que sirvan para a protección, conservación da biodiversidade e a utilización sostible dos recursos naturais.

Polo que acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto e ámbito do convenio

O proxecto ten como obxecto o fomento sustentable, dende o ámbito local, da produción e o consumo de alimentos sans, presentado dende un proceso de formación e práctica innovador, integrando o proceso como sectores prioritarios á xuventude e ás mulleres do rural, e promovendo o compromiso e a participación dos colectivos económicos e sociais que poden intervir nun desenvolvemento local sostible.

### Segunda.- Actividades que incluíra a execución do programa

A realización do programa incluíra:

Fase A: Formación para a produción

Acción 1- Identificación e captación de participantes

Acción 2- Formación técnica dos participantes integrados no proxecto

Acción 3- Promoción e formación para a sustentabilidade do proxecto.

Fase B: Formación para o consumo

Fase C: Produción

Fase D: Resultados

Fase E: Mecanismos e instrumentos complementarios de xestión transversal.

Os concellos de Ames, Rois, Dodro e Brión asumen a obriga de facer constar a colaboración da Excm. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación do proxecto.

O orzamento para a realización do proxecto é de 352.184,04 € tal e como se especifica no anexo incorporado á presente proposta



### Terceira.- Compromisos a cumprir polos concellos de Ames, Rois, Dodro e Brión.

Os concellos, comprométense a:

- Executar o proxecto de acordo coas determinacións previstas no presente convenio.
- Presentar ante a deputación a certificación comprensiva do gasto total xustificado.
- Presentar ante a deputación a memoria técnica na que queden acreditados todas e cada unha das actuacións realizadas.

Os concellos de Ames, Rois e Dodro naqueles gastos de execución do proxecto que non xestione directamente e sexa preciso acudir á contratación administrativa, neste suposto axustaranse ao disposto no R. D. Legislativo 2/2000 do 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

De conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, os concellos garantirán o cumprimento das prescricións incorporadas no artigo 31.3 ben mediante a presentación de 3 ofertas ou, se as especiais características do contrato así o esixen, mediante a xustificación documental da imposibilidade de realizar a licitación do contrato; todo isto de acordo coa normativa xeral de contratación das administracións públicas.

### Cuarta.- Contía económica para o desenvolvemento do convenio

A contía destinada pola deputación para a realización do programa obxecto deste convenio e as achegas dos concellos promotores do proxecto son as seguintes:

	2.007	2.008	TOTAL	%
AMES	22.396,88	26.544,52	48.941,4	13,90 %
ROIS	5.251,68	6.223,7	11.475,38	3,26 %
DODRO	3.243,69	3.844,9	7.088,59	2,01 %
BRIÓN	6.707,52	7.949,67	14.657,19	4,16 %
DEPUTACIÓN	123.569	146.452,48	270.021,48	76,67 %
TOTAL	161.168,77	191.015,27	352.184,04	100 %

A achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse remitir declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificada.

### Quinta.- Forma de pagamento

ANUALIDADE 2007: 123.569,00

A Deputación da Coruña, aboaralle ao Concello de Ames en concepto de anticipo, o 50% da achega provincial establecida na cláusula cuarta, proporcional a cada concello, unha vez asinado o presente convenio de colaboración.

Para estes efectos o Concello de Ames centralizará ante a deputación a remisión dos documentos xustificantes do gasto relativos aos catro concellos.

O pagamento da cantidade restante realizarase se a deputación atopase conforme a documentación presentada polo Concello de Ames e prevista na cláusula terceira. De non ser así requirirase ao concello para que corrixa debidamente as deficiencias detectadas. No caso de non facelo, a deputación podería proceder a efectuar os correspondentes descontos nas liquidacións a practicar.

O pago realizarase previa presentación polo concello da factura ou facturas comprensivas de todos os gastos efectivamente realizados en cumprimento do convenio, expresando o preceptor (contía, razón social, NIF ou CIF), o concepto, número, data e importe da factura ou facturas e manifestándose expresamente as achegas públicas ou privadas concedidas para a mesma finalidade ou declaración expresa de non ter recibido ningunha se fora o caso. Así mesmo acompañarase memoria técnica que detalle a execución das accións executadas en cumprimento do convenio.

No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas fosen superiores ao orzamento da actividade, a achega da deputación non superará a cantidade máxima da establecida no presente convenio. En todo caso, a achega provincial limitarase aos gastos efectivamente xustificadas antes do 30 de novembro de 2009.

ANUALIDADE 2008: 146.452,48 €

A achega provincial para a anualidade de 2008 aboarase nun máximo de dous prazos, previa presentación da seguinte documentación:

O pago realizarase previa presentación polo concello da factura ou facturas comprensivas de todos os gastos efectivamente realizados en cumprimento do convenio, expresando o preceptor (contía, razón social, NIF ou CIF), o concepto, número, data e importe da factura ou facturas e manifestándose expresamente as achegas públicas ou privadas concedidas para a mesma finalidade ou declaración expresa de non ter recibido ningunha se for o caso. Así mesmo, xuntarase a memoria técnica que detalle a execución das accións executadas en cumprimento do convenio.

No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas fosen superiores ao presuposto da actividade, a achega da deputación non superará a cantidade máxima da establecida no presente convenio. En todo caso a achega provincial limitarase aos gastos efectivamente xustificadas antes do 30 de novembro de 2009.

A achega provincial quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente. Todos os pagamentos requirirán informe favorábel da Sección de Promoción Económica, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de fondos.

A falta de xustificación nos prazos sinalados, sen que medie solicitude de prórroga dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado, ao que se lle engadirá o correspondente xuro de mora, calculado dende a data da achega do primeiro prazo.

#### **Sexta.-Xustificación a realizar por parte do concello**

Antes do 30 de novembro do ano 2008 o Concello de Ames presentará a documentación xustificativa da execución do proxecto : memoria técnica, facturas ou certificacións xustificativas do gasto realizado, para a anualidade 2007 e con data do 30 de novembro do ano 2009 para a anualidade correspondente ao ano 2008.

#### **Sétima.-Reintegro das cantidades percibidas**

No caso de que se resolva o convenio ou que as xustificacións realizadas non cubran a totalidade da contía anticipada, o concello deberá devolverlle á deputación a parte do percibido que corresponda antes do 30 de novembro de 2009 xunto cos xuros de mora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, computados dende a data do libramento ata o seu reintegro efectivo.

#### **Oitava.-Comisión de seguimento**

Cada unha das partes designará un representante co fin de constituír a Comisión de Seguimento do Convenio para facer un seguimento da súa execución e cumprimento.

#### **Novena.-Control, seguimento e avaliación**

Con independencia dos traballos que realice a Comisión de Seguimento, a Deputación Provincial da Coruña establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

#### **Décima.-Resolución do presente convenio**

Serán causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- a. A denuncia de calquera das partes
- b. O incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio
- c. O mutuo acordo das partes

#### **Décimo primeira.-Carácter administrativo do convenio**

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerese polas estipulacións nel contidas, sendo competente para entender dos litixios que puideran xurdir a xurisdición contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen xurdir na súa interpretación estarase ao disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e na Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público e nas Bases de execución do orzamento provincial.

En todo caso aplicarase a Lei xeral de subvencións nos termos expresados na súa Disposición transitoria segunda.

#### Décimo segunda.-Vixencia do convenio

O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ao da súa sinatura e entenderase ata o 30 de novembro de 2009, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

En todo caso manterase a súa vixencia no relativo aos procedementos de control financeiro e reintegro dos fondos públicos achegados.

#### ANEXO ORZAMENTO DE GASTOS

CONCEPTO	ANUALIDADE 2007	ANUALIDADE 2008
FASE A:FORMACIÓN PARA PRODUCCIÓN	68.749,59	23.118,91
FASE B:FORMACIÓN PARA O CONSUMO	9.931,66	2.680
FASE C: PROMOCIÓN	3.760	68.449
FASE D: RESULTADOS	33.520	48.567,69
FASE E: MECANISMOS E INSTRUMENTOS DE XESTIÓN	38.500	40.250
FASE F: ACOMPAÑAMIENTO E ASESORAMENTO	6.707,52	7.949,67
TOTAIS	161.168,77	191.015,27
TOTAL PROGRAMA	352.184,04	

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar septriplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº 7.749 con data do 4 de maio de 2007 e a súa modificación mediante acordo plenario con data do de xuño de 2008

O PRESIDENTE DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES
Asdo. Salvador Fernández Moreda	Asdo. Carlos Antonio Fernández Castro
O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ROIS	O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE DODRO
Asdo. Xosé Manuel Penas Patiño	Asdo. José Fernando Vila Brión
O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE BRIÓN	
Asdo. José Luis García García	

### **31.-RECTIFICACIÓN DO ERRO NO ACORDO PLENARIO CON DATA DO 30-05-2008 POLO QUE SE APROBOU O PROGRAMA DE APOIO AO PROXECTO CIDADES DIXITAIS**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Apreciado erro no acordo adoptado polo Pleno o 30-05-2008 no que quedou aprobado o programa de apoio ó proxecto Cidades Dixitais procédese a rectificar a imputación á partida presupostaria ó que dito acordo foi referida de acordo co seguinte detalle:

Partida incorpora no acordo de 30-05-08 : **0305/721A/762.01**

Partida á que queda imputada o gasto derivado do programa : **0305/560A/76201.”**

### **32.-CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CRUZ VERMELLA PARA ADQUISICIÓN DE DÚAS AMBULANCIAS E CESIÓN A DITA ENTIDADE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio, atendendo ó obxecto e finalidade da actividade que se ha realizar:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración con Cruz Vermella para adquisición de dúas ambulancias e cesión a dita entidade, cuxo importe máximo para a adquisición non excederá de 109.040,00 euros que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0202/412E/62800, nº operación: 220080019465.”

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA (OFICINA PROVINCIAL DA CORUÑA) PARA A ADQUISICIÓN E CESION DE DÚAS AMBULANCIAS.**

A Coruña, na sede da Excma. Deputación Provincial da Coruña, , de dous mil oito

## **REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, D. José Manuel García Pérez, presidente da Oficina Provincial da Cruz Vermella Española na Coruña

Ambas partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

## **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** A Cruz Vermella ten entre as súas fins a atención ás persoas e colectivos que sofren previndo e atenuando a dor humana e a prevención e reparación de danos orixinados por accidentes, catástrofes, calamidades públicas, conflitos sociais, doenzas, epidemias e outros riscos ou sinistros colectivos e sucesos similares, así como a protección e socorro dos seus afectados, participando nas actuacións necesarias na forma establecida nas leis e nos Plans nacionais ou territoriais correspondentes.

**SEGUNDO.-** A deputación reconece o importante labor que realiza a Cruz Vermella en todas as súas actuacións, e especialmente co servizo de ambulancias que fai posible salvar moitas vidas humanas, e xa que logo, considérase necesario formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA.-** A deputación adquirirá de acordo cos trámites previstos na normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, dúas ambulancias con destino á Cruz Vermella Española, (Oficina Provincial da Coruña).

**SEGUNDA.-** O importe máximo para a dita adquisición non excederá de 109.040,00€ (aproximadamente uns 54.520,00 € por ambulancia) que serán achegados, na súa totalidade, pola Excma. Deputación Provincial da Coruña con cargo á aplicación orzamentaria 0202/412E/628.00.

**TERCEIRA.-** A deputación cederá gratuitamente as citadas ambulancias á Cruz Vermella Española, (Oficina Provincial da Coruña).

**CUARTA.-** Nas devanditas ambulancias figurarán rotuladas as palabras "Ambulancia", "Cruz Vermella Española" e lateralmente "Cedida pola Deputación Provincial da Coruña.

**QUINTA:-** A Cruz Vermella Española (Oficina Provincial da Coruña), correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións e seguros.

**SEXTA.-** As ambulancias destinaranse exclusivamente a fins propios da Cruz Vermella Española (Oficina Provincial da Coruña) durante toda a vida útil dos vehículos . En caso contrario reverterán automaticamente na deputación.

**SÉTIMA.-** O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 10 de outubro de 2009.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data de dous mil oito.

Así o din, asinan e outorgan por exemplar cuadruplicado no lugar e data fixados no encabezamento

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
Asdo. Salvador Fernández Moreda

O PRESIDENTE DA CRUZ VERMELLA  
OFICINA PROVINCIAL DA CORUÑA  
Asdo. José Manuel García Pérez

### **33.-CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CORISTANCO PARA ILUMINACIÓN NA TRAVESÍA DO LUGAR DE SAN ROQUE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio, atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de Coristanco para iluminación na travesía do lugar de San Roque, cunha achega de 33.000 euros, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511C/76201, nº operación: 220080019470.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORISTANCO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS INCLUIDAS NO PROXECTO DE INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NA TRAVESÍA DE SAN ROQUE**

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda

E doutra parte, o Sr. Antonio Pensado Plágaro, alcalde-presidente do Concello de Coristanco.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Coristanco, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Coristanco para o financiamento da obra INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NA TRAVESÍA DE SAN ROQUE, tal como aparece definida esta no proxecto redactado por JUAN LÓPEZ FOUZ, enxeñeiro técnico industrial.

O Concello de Coristanco, na súa condición de promotor da obra, obrígase a obter con carácter previo as autorizacións administrativas que fosen necesarias, e a satisfacer as taxas e impostos que se devenguen por tal causa.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase da seguinte maneira:

P. E.M: 24.589,22 euros  
GASTOS XERAIS E BENEFICIO INDUSTRIAL: 4671,95 euros  
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO: 4681,79 euros  
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA: 33942,96 euros

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 33000,00 euros, o que representa unha porcentaxe do 97,22%.
2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 100% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511C/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.



2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. En todas as publicacións relativas ao presente convenio farase constar o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Adquirido o ben, o CONCELLO deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO unha vez que se presenten na deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e con esta Deputación, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

#### **VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CESURAS
Asdo. Salvador Fernández Moreda	Asdo. Julián Lucas Ramírez

#### **41.-CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULO-FURGÓN, REMOLQUE, DESBROZADORA E CORTACÉSPEDE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio, atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de Corcubión para subministración de vehículo-furgón, remolque, desbrozadora e cortacésped, cunha achega de 28.000 euros, que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201, nº operación: 220080019500.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO-FURGÓN, REMOLQUE, ROZADOIRAS E CORTA CÉSPEDE**

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda  
E doutra parte, o Sr. D. Francisco Javier Lema Fuentes , alcalde-presidente do Concello de Corcubión.  
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

### MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da deputación e do Concello de Corcubión, ambas as dúas partes

### ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión NIF:P:1502800-D, para o financiamento da subministración dos bens que se describen deseguido e cuxa finalidade e o mantemento do conxunto histórico artístico do concello de Corcubión que representa un 75% aproximadamente da trama urbana deste evitando o deterioro dun conxunto urbano singular dentro da vila costeira galega:

1.-Vehículo tipo furgoneta con motor diésel 1.9 turbo inxección, que deberá ir rotulado coa simboloxía-logo institucional- e descrición do concello de Corcubión, igualmente irá en lugar destacado a rotulación da Deputación da Coruña como administración financiadora. O vehículo anteriormente descrito precisa como complemento un remolque para transporte de pequenos materiais ou equipos tales como corta céspedes e rozadoiras, da nave municipal onde se almacenan e gardan ao final da xornada laboral até os distintos lugares de obra as características esixidas para o remolque son as seguintes: remolque de 2,75 x 1,40 galvanizado en quente, con chasis reforzado, 2 eixes con freo de inercia, mallal e ramplas.

2.-Rozadoira para tractor (para limpeza e das marxes dos camiños rurais) terá como características: chapa de 8 m/m,un largo de 1,50 m con catro cadeas e será desprazable

3.-Dúas rozadoiras par xardíns e zonas verdes tipo Stihl modelo 480

4.-Corta céspede tipo Viking 755 kF

#### II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou o concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 34.000 EUROS segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO		
SUBMINISTRACIÓN	CANTIDADE	IMPORTE
Vehiculo industrial (furgoneta)	1	24.600
Remolque	1	3.100
Rozadoira para tractor	1	2.950
Rozadoiras	2	1.250
Corta céspede	1	2.100
Total	6	34.000



### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 28.000 €, o que representa unha porcentaxe de 82,35 %
2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 82,35%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 82,35 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de adquirinte, corresponderalle ao CONCELLO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.
2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. En todas as publicacións relativas ao presente convenio constará o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Adquirido o ben, o CONCELLO deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da deputación seralle abonada ao CONCELLO unha vez que se presenten na deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

## **VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de auxizoamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas e na Base 54<sup>a</sup> das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na adquisición do ben implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web [dicatoruna.es](http://dicatoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10/10/2009.

2. Previa solicitude do CONCELLO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e o do concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do \_\_\_\_\_ de dous mil oito

E en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CORCUBIÓN
Asdo. Salvador Fernández Moreda	Asdo. Francisco Javier Lema Fuentes

### **42.-CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE FENE PARA ADQUISICIÓN DE MÁQUINA LIMPEZA DE RÚAS, MÁQUINA TRITURADORA DE PODAS, HIDROLIMPADORA E FURGONETA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio, atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de Fene para adquisición de máquina de limpeza de rúas, máquina trituradora de podas, varredora, hidrolimpadora e furgoneta, cunha achega de 90.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201, nº operación: 220080019501.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FENE PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA DE LIMPEZA DE RÚAS, DUNHA MÁQUINA TRITURADORA DE PODAS, VARREDOIRA, HIDROLIMPADORA E FURGONETA**

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda  
E doutra parte, o Sr. D. José Iván Puentes Rivera, alcalde-presidente do Concello de Fene.  
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Fene, ambas as dúas partes

**A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o concello de Fene NIF:P:1503600-G, para o financiamento da subministración dos bens que se describen deseguido e cuxa finalidade é o mantemento das zonas verdes do concello de Fene que representa unha grande parte do territorio da localidade co fin de manter unha vexetación singular na zona tal como a camelia, o alcipreste, a tuiá, a magnolia a palmeira de canarias, etc.

**1.Máquina con capacidade para triturar** pólas dun diámetro de polo menos 18 centímetros, que dispoña dun remolque para o seu traslado e maquinaria de cortar herba de sentado e a pé. O modelo necesario será o que se detalla a continuación ou modelo semellante: Modelo Ventura TFVJ 150, cunha potencia de 28 HP. Motor diésel un diámetro das pólas am oer de 18 cm. un peso de 830 QG. Anchura de traballo 150 cm. Con remolque, e 24 martelos

2.- **Corta céspede con asento** A80 K outills wolf con motor kawasaki ou semellante, e unha anchura de corte de 80 cm. motor kawasaki fh 430fv bicilindrada ohv, cilindra 431 cc e potencia 15kv

3.- **Cortacésped Husqvarna** modelo w53 cds manual ou semellante cunha anchura de corte de 53 cm, motor kawasaki e potencia de 6 kw.

4.- **Máquina varredora de rúas e hidrolimpadora** : Máquina verde 525 AV de Applied Sweepers ou semellante:  
É unha máquina rápida (32 Km/h.) e manobrable. En zonas céntricas, o paso lixeiro da máquina e a potencia variable de succión evitan danos no pavimento e ladrillos da zona. O sistema hidrostático de tracción ás catro rodas asegura un ascenso e baixada de bordos simplemente estable. O ancho de roda variable proporciona gran estabilidade en estrada., Cun ancho variable de varrido de 1,2 m. a 1,8 m., os mandos han de estar dispostos ergonomicamente con dirección axustable, parabrisas frontal calefactado, sistema de calefacción e ventilación en cabina, e controis electrónicos. A hidrolimpadora será de auga quente 30-140 graos marca Benza modelo mp138 ds, con potencia de 3,2 e caudal de 81 minuto e presión de 130 bares ou semellante.

5.- **Furgoneta con remolque auxiliar de servizos:** Furgoneta Fiat Doblo 1.9 JTD combi active ou semellante, con remolque de dobre eixe e 1000 Kg de PMA, para o traslado das diferentes máquinas de xardinería e materiais de servizos e mantemento.

## II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou o concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 112.000 EUROS.segundo o seguinte detalle:

SUBMINISTRACIÓN	CANTIDADE	IMPORTE
Máquina varredora 525 AV de Applied Eweepers ou semellante	1	58.000
Hidrolimpadora de auga quente modelo mp 138 ds Benza ou semellante	1	2.500
Máquina trituradora Ventura TFVJ 150 ou semellante	1	24.500
Corta céspede con asento A80k outills wolf con motor kawasaki ou semellante	1	5.900
Corta céspede Husqvarna modelo w53csd manual ou semellante	1	3.200
Furgoneta Fiat Doblo con remolque de dobre eixe e 1000 kg de PMA	1	17.900
Total		<b>112.000</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 90.000 €, o que representa unha porcentaxe de 80,36 %

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,36%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 80,36 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. En todas as publicacións relativas ao presente convenio farase constar o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Adquirido o ben, o CONCELLO deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO unha vez que se presenten na deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e con esta Deputación, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

#### **VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos



artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 54<sup>a</sup> das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na adquisición do ben implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10/10/2009

2. Previa solicitude do CONCELLO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e o do concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ con data do \_\_\_\_\_ de dous mil oito

E en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FENE
Asdo. Salvador Fernández Moreda	Asdo. José Iván Puentes Rivera

### **43.-CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE SOBRADO PARA ADQUISICIÓN DE TRACTOR DESBROZADORA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio, atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de Sobrado para adquisición de tractor desbrozadora, cunha achega de 154.860 euros, que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201, nº operación: 220080019503.”

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SOBRADO PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUN TRACTOR E ROZADOIRAS**

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Salvador Fernández Moreda  
E doutra parte, o Sr. D. Jacobo Fernández García, alcalde-presidente do Concello de Sobrado.  
Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Sobrado, ambas as dúas partes

## **A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Sobrado, NIF:P:1508100-C, para o financiamento da subministración dos bens que se describen deseguido e cuxa finalidade é a limpeza das vías de comunicación entre as parroquias do municipio que se caracteriza por unha superficie de 126 km<sup>2</sup>, repartidos en 10 parroquias con 168 núcleos de poboación, o que fai que exista unha enorme dispersión do municipio, dando lugar a gran cantidade de vías de comunicación tales como estradas, pistas e camiños nunha área de montaña, o cal fai necesaria a adquisición do subministración das características que a continuación se detallan:

Tractor de dobre tracción con cabina de gran visibilidade, suspensión dianteira, aire acondicionado, inversión electrohidráulica e velocidades superlentas. Cunha potencia ideal de 130 HP.  
Unha rozadoira lateral para marxes de vías cun brazo non inferior a 5,50 metros de lonxitude, mandos eléctricos, brazo adiantado para maior visibilidade e confort do operador.  
Unha rozadoira forestal de cadeas, dous rotores, cun ancho de traballo de 2,40 metros

### **II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN**

Segundo o informe de valoración que achegou o Concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 154.860 EUROS.

<b>Unidades</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe</b>
1	Tractor de dobre tracción	95.000
1	rozadoira lateral	30.000
1	rozadoira forestal	8.500
Total		133.500
IVE 16%		21.360
Total IVE incluído		154.860

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

2. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 154.860,00 €, o que representa unha porcentaxe de 100 %
2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.
2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. En todas as publicacións relativas ao presente convenio farase constar o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Adquirido o ben, o CONCELLO deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO unha vez que se presenten na deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e con esta Deputación, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

#### **VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do receptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 54ª das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na adquisición do ben implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10/10/2009

2. Previa solicitude do CONCELLO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire

a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e o do concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ con data do \_\_\_\_\_ de dous mil oito

E en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBRADO
Asdo. Salvador Fernández Moreda	Asdo. Jacobo Fernández García

#### **44.-CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VILARMAIOR PARA DESMALEZADORA E MOTOVARREDORA PARA POLIDEPORTIVO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio, atendendo ó obxecto e finalidade da actividade subvencionada:

Aprobar a formalización do convenio de colaboración co Concello de Vilarmaior para desmalezadora e motovarredora para polideportivo, cunha achega de 38.000 euros, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201, nº operación: 220080019504.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILARMAIOR PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA DESMALEZADORA E DUNHA MOTOVARREDOIRA PARA POLIDEPORTIVO**

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda  
E doutra parte, o Sr. D. Carlos Vázquez Quintián, alcalde-presidente do Concello de Vilarmaior.  
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da deputación e do Concello de Vilarmaior, ambas as dúas partes

**A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Vilarmaior, NIF:P:1509200-J, para o financiamento da subministración dos bens que se describen de seguido e cuxa finalidade e a conservación da rede viaria que garanta unha boa conservación a través da canalización das augas polas cunetas polo que se necesita a súa limpeza e a limpeza da maleza que medra polos bordos das vías, o cal fai necesario a adquisición da subministración das características que de seguido se detallan:

- 1.-Unha desmalezadora coas seguintes características: cabezal de martelos cunha lonxitude de 1,20 m. unha extensión de brazo de 5,90 m , peso incluído aceite de 1.515 sg. unha potencia de 120 cv, xiro hidráulico e 95º, mandos eléctricos de control hidráulico EPPMK11, radiador de aceite. Compatible co cabezal Bondford 608
- 2.- Una motovarredora para polideportivo cun motor eléctrico con batería de 12 V, rendemento de 4500m/2 hora, cargador e baterías

**II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN**

Segundo o informe de valoración que chegou o concello, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 38.013,20 EUROS.



Unidades	Concepto	Importe
1	Motovarredoira	4.000
1	Desmalezadora	28.770
Total		32.770
IVE 16%		5.243,2
Total IVE incluído		38.013,2

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento da adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 38.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 99,96 %.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 99,96 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 99,96 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación. A cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/511D/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao CONCELLO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. En todas as publicacións relativas ao presente convenio farase constar o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Adquirido o ben, o CONCELLO deberá rotulalo co logotipo da Deputación Provincial da Coruña.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO unha vez que se presenten na deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben, expedida polo órgano competente.
- Copia da factura de compravenda e da acta de recepción do ben.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e con esta Deputación, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

#### **VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, o CONCELLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de execución do orzamento da deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello na documentación achegada. E se tivesen transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de auxizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 54<sup>a</sup> das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o retraso na adquisición do ben implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 10/10/2009

2. Previa solicitude do CONCELLO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e o do concello, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ con data do \_\_\_\_\_ de dous mil oito

E en proba de conformidade, asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILARMAIOR
Asdo. Salvador Fernández Moreda	Asdo. Carlos Vázquez Quintián

#### **45.-ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS DE XESTUR S.A. CON MOTIVO DA AMPLIACIÓN DE CAPITAL.**

##### INTERVENCIÓNS

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, neste punto intervén o deputado Ricardo García Borregón.

Sr. García Borregón

Moi bos días, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados. Moi brevemente, quería facer unha intervención, primeiro para manifestar o apoio ao noso grupo a participar nesta ampliación de capital desta empresa pública, e consideramos que a deputación, neste caso, non debe perder peso decisorio nas institucións públicas desta importante empresa, importante no desenvolvemento económico dos concellos da provincia, e sobre todo na constitución de solo industrial, onde temos un gran déficit. Quería tamén apuntar a necesidade, e así lle suxerín aos señores que son conselleiros desta empresa e representantes desta institución, a necesidade de activar concretamente un polígono que eu creo que é estratéxico para os concellos na contorna de Santiago, estoume referindo ao Polígono da Xionlla con máis de 1.300.000 metros cadrados. É un polígono que leva xa dous anos de demora sobre as previsións previstas de posta en marcha, agora anunciaron a licitación das obras de urbanización, pero pediríalle e rogaríalle aos señores que nos representan nesta institución, nesta empresa, que tamén apunten a necesidade de activar este Polígono.

Nada máis que manifestar o noso apoio e reiterar a necesidade da participación da deputación nesta empresa pública. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días. En primeiro lugar agradecer a intervención do voceiro, neste caso do Partido Popular, e sobre a preocupación que ten sobre A Xionlla, o Polígono que está preto de Santiago, dicirlle que está en licitación neste momento, estase valorando as distintas plicas que se abriron, entendo que o 24 de xullo do presente mes, e que se adxudicará en breve o proxecto de urbanización, polo cal, como outros parques como o de Morás en Arteixo, o da Xionlla pronto será unha realidade. Agradézolle o seu voto e o do seu grupo.

### **ACORDO**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Apróbase adquirir 139 novas accións, numeradas correlativamente do 5.930 ó 6.068 (con valor nominal de 3.005,06 euros/acción), correspondentes á ampliación de capital da sociedade Xestión Urbanística da Coruña, S. A. (Xestur A Coruña S. A.) por un importe total de 417.703,34 euros que poderá aboarse con cargo á seguinte partida orzamentaria: 0202/121B/85201, nº operación: 220080020965.”

#### **46.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA E.P. 3302 ESCRAVITUDE A SAN JULIAN DE LAÍÑO, P.K. 5,3 AO P.K. 5,71 (ROIS) (PLAN TRAVESÍAS 2005, 1ª FASE).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o Proxecto REFORMADO DE EP 3302 ESCRAVITUDE A SAN JULIÁN DE LAIÑO, P.K. 5,3 O P.Q. 5,71 (ROIS), ROIS (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0511300004.1) polo seu orzamento de contrata de 293.876,82.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 48.009,72.- EUROS.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo *CONSTRUCCIONS LEONARDO MIGUELEZ, S. L.* (B15289614), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo orzamento de adxudicación de 245.029,73.- EUROS, que representa un incremento respecto ao primitivo de 40.029,73.- EUROS.

O citado importe aboarase con cargo á partida 0401/511B/61102.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.601,19.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando xa que logo fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 9.801,19.- EUROS.”

**47.-RATIFICACIÓN DE SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 7103 DE LARANGA A OLVEIRA POR SERÁNS, P.K. 0+000 AO P.K. 6+100 (PORTO DO SON) (PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, 5ª RELACIÓN).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Dar por realizada a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no Proxecto AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 7103 DE LARANGA A OLVEIRA POR SERÁNS, P.K. 0+000 Ao P.K. 6+100 (PORTO DO SON)

2. Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expor cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3. Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

O trazado optimizouse reducindo o número de aliñacións, impondo curvas simétricas con parámetros de clotoide e acordos acorde coas especificacións do Servizo de Infraestruturas e Conservación.

A obra consiste en ensanchar a estrada e mellorar o seu trazado rectificando curvas a un radio superior co fin de aumentar a capacidade ao tempo de conseguir un confort e seguridade viaria na conducción, proxectándose variantes na estrada naquelas zonas que presentan aliñacións insuficientes.

Mantense o eixo existente e realízase a ampliación por ambos os lados e adáptase a rasante á plataforma existente.

A estrada parte da C550 e atravesa distintos núcleos de poboación ao longo do seu percorrido

O alzado caracterízase por unha sucesión de cambios de rasante que se ha suprimir ou suavizar, curvas perigosas con pequeno radio, vivendas pegadas á estrada e por un ancho de calzada insuficiente para as necesidades dos vehículos e dos peóns.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana. “

**48.-RATIFICACIÓN DE SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE ENSANCHE, MELLORA DO TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0512, O BIRLOQUE-ARTEIXO, PK 3,020 A PK 5,300 (A CORUÑA) (PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008, 5ª RELACIÓN).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Dar por realizada a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no Proxecto ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0512, O BIRLOQUE-ARTEIXO, PK 3,020 A PK 5,300 (A Coruña)

2. Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expor cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3. Ratificar a solicitude de declaración de "urxente expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

O tramo consta de dúas zonas netamente diferenciadas e obxecto de actuacións moi diferentes:

Zona urbana, estando a estrada flanqueada por edificacións sen case solución de discontinuidade:

- Beirarrúas en ambos os lados (sendo as actuais existentes nalgunhas zonas e de dimensións reducidas para a seguridade dos peóns)

- Ampliación de plataforma a 10,9 m. (2 carrís de 3,5 e beirarrúas de 1,95)

- Rede de recollida de pluviais

- Renovación da iluminación pública

Nesta zona mantense a rasante actual



O resto da actuación ten o típico carácter de obras de ensanche e mellora:

- Ampliación da plataforma a 9 metros (2 carrís de 3,5 metros e dúas beiravías de 1 metro)

-A ampliación da plataforma realizarase preferentemente na zona de desmorte para evitar a invasión co recheo.

O entroncamento coa estrada de acceso ao cemiterio de Feáns require unha actuación específica que mellore a seguridade viaria nesta intersección.

Existen varias zonas con trazado sinuoso e perigoso que poden ser obxecto de substancial mellora con lixeiras rectificacións de trazado en planta e así lograr unhas condicións de seguridade e confort acordes a unha estrada convencional de características similares coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

#### **49.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2008, 3ª FASE INTEGRADO POLO PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0205 DE BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA. PROXECTO DE INTERSECCIÓN DA BOLA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2008 TERCEIRA RELACIÓN, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 370.625,85.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/61102 e que se detalla.

<b>CÓDIGO</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO</b>
0811100007.0	AMES	PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA D.P. 0205 DE BERTAMIRÁNS Á RAMALLOSA. PROXECTO DE GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA BOLA	370.625,85
		TOTAL	370.625,85

2) Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados. “

#### **50.-MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ANO 2008.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Modificar o Cadro de persoal e a Relación de postos de traballo 2008 nos termos seguintes :

- Modificar o nivel de complemento de destino ao 19 do posto de secretario/a de vicepresidencia (grupo C1)
- Transformar unha praza e posto de auxiliar de administración xeral, nivel 16, nunha praza e posto de administrativo de administración xeral, nivel 19 en Asesoría Xurídica.
- Transformar unha praza e posto de auxiliar de administración xeral, nivel 16, nunha praza e posto de administrativo de administración xeral, nivel 19 na Biblioteca Provincial.
- Transformar tres prazas e postos de auxiliar de administración xeral, nivel 16, en tres prazas e postos de administrativos de administración xeral, nivel 19 na Sección de Actas, Rexistro e Información.
- Transformar unha praza e posto de auxiliar de administración xeral, nivel 16, nunha praza e posto de administrativo de administración xeral, nivel 19 no Servizo de Contabilidade.
- Transformar unha praza e posto de auxiliar de administración xeral, nivel 16, nunha praza e posto de administrativo de administración xeral, nivel 19 no Servizo de Enxeñería e Mantemento.
- Transformar unha praza e posto de auxiliar de administración xeral, nivel 16, nunha praza e posto de administrativo de administración xeral, nivel 19 no Servizo de Fiscalización.
- Transformar cinco prazas e postos de auxiliar de administración xeral, nivel 16, en cinco prazas e postos de administrativo de administración xeral, nivel 19 no Servizo de Fomento.
- Transformar unha praza e posto de auxiliar de administración xeral, nivel 16, do Parque Móbil, nunha praza e posto de administrativo de A.X., nivel 19 manténdolle no complemento específico o factor de “habilitación de anticipos de caixa fixa”.
- Transformar unha praza e posto de auxiliar de administración xeral, nivel 16, nunha praza e posto de administrativo de administración xeral, nivel 19 no Servizo de Patrimonio e Contratación.
- Transformar unha praza e posto de auxiliar de Presidencia, nivel 18 nunha praza de administrativo de A.X., nivel 19, configurándose o posto de Secretaría de Presidencia como C1, na Secretaría Particular da Presidencia e Relacións Públicas .
- Transformar dúas prazas e postos de auxiliar de administración xeral, nivel 16, en dúas prazas e postos de administrativo de administración xeral, nivel 19 no Servizo de Asistencia a Municipios .

- Transformar unha praza e posto de auxiliar gravador , nivel 16, de administración especial nunha praza e posto de administrativo de administración xeral, nivel 19 no Servizo de Informática.
- Transformar unha praza e posto de auxiliar de administración xeral, nivel 16, nunha praza e posto de administrativo de administración xeral, nivel 19 no Servizo de Organización, Calidade e Modernización e adscribirla ao Servizo de Patrimonio e Contratación.
- Transformar unha praza e posto de auxiliar de A.X., nivel 16 nunha praza e posto de administrativo de administración xeral, nivel 19 no Servizo de Recadación.
- Transformar dúas prazas e postos de auxiliar de A.X. nivel 16 en dúas prazas e postos de administrativo de administración xeral, nivel 19 no Servizo de Arquitectura.
- Transformar dúas prazas e postos de auxiliar de A.X: nivel 16 en dúas prazas e postos de administrativo de administración xeral, nivel 19 no Servizo de Infraestruturas e Conservación.
- Transformar catro prazas e postos de auxiliar de A.X., nivel 16 de Tesourería en catro prazas e postos de administrativo de A.X, nivel 19, mantendo nun deles o factor de “Quebranto de moeda”, e noutro os de “Quebranto de moeda “ e “Tramitación de anticipos de caixa fixa”, no complemento específico. Transformar o posto e praza de Secretaría de Tesourería Provincial, auxiliar de A.X., nivel 17, en administrativo de A.X. nivel 19, manténdolle o factor de “Quebranto de moeda”.
- Transformar tres prazas e postos de auxiliar de administración xeral, nivel 16, en tres prazas e postos de administrativos de administración xeral, nivel 19 no Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.
- Transformar o posto e praza de auxiliar repartidor de Boletín Oficial, A.E., nivel 16, en administrativo de A.X., nivel 19, no Servizo de Xestión Tributaria.

2.- En consecuencia, aprobar o Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo de 2008, que figura a seguir:

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**CADRO DE PERSOAL 2008**

**PERSOAL FUNCIONARIO**

**DENOMINACIÓN-GRUPO-PRAZAS**

## **FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL**

Secretario xeral: A1-1

Interventor xeral: A1-1

Tesoureiro: A1-1

Oficial maior: A1-1

Viceinterventor: A1-1

Interventor adxunto: A1-1

Vicetesoureiro: A1-1

Xefe Servizo Asistencia Económica: A1-1

## **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL SUBESCALAS**

Técnica: A1-20

Xestión: A2-23

Administrativa: C1-176

Auxiliar: C2-32

Subalterna: E (Lei 30/1984)-23

## **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**

### **SUBESCALA TÉCNICA**

#### **CLASE TÉCNICOS SUPERIORES**

Letrado asesor xurídico: A1-1

Letrado adxunto: A1-2

Arquitecto: A1-2

Enxeñeiro industrial: A1-1

Enxeñeiro vías e obras: A1-4

Arquiveiro bibliotecario: A1-1

Técnico de organización: A1-5  
Xefe Servizo de informática: A1-1  
Técnico superior informática: A1-5  
Técnico superior Unión Europea: A1-2  
Analista: A1-8  
Técnico normalización lingüística: A1-2  
Técnico políticas de igualdade: A1-1  
Xefe Servizo Xestión Tributaria: A1-1  
Xefe Servizo Inspección Tributaria: A1-1  
Inspector de tributos locais: A1-1  
Profesor secundaria R. Puga Ramón: A1-36  
Profesor secundaria Calvo Sotelo: A1-8  
Xefe Serv. Asist. Técnica: A1-1  
Xornalista: A1-1  
Administrador do contorno informático: A1-1  
Técnico de xestión cultural: A1-1  
Recadador de tributos locais: A1-2  
Técnico prevención riscos laborais: A1-1  
Médico especialista Medicina Traballo/diplomado Medicina Empresa: A1-1  
Técnico biblioteca e arquivo: A1-1  
Técnico xestión proxectos: A1-2  
Psicólogo: A1-1  
Director Fogar Infantil Emilio Romay: A1-1  
Técnico servizos sociais: A1-1

### **CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO**

Profesor Música-Pianista: A2-5  
Profesora de Danza: A2-6  
Arquitectos técnicos: A2-6  
Enxeñeiros técnicos vías e obras: A2-5  
Enxeñeiro técnico enxe. e mantemento: A2-1  
  
Enxeñeiro técnico agrícola: A2-1  
Enxeñeiro técnico industrial: A2-1

Analista programador: A2-2  
Encargado imprenta: A2-1  
Técnicos servizos sociais: A2-3  
Profesor Fogar Instituto R. Puga Ramón: A2-1  
Axudante arquivo e biblioteca: A2-11  
Enxeñeiros técnicos en topografía: A2-2  
Técnicos de xestión económico-financeira: A2-16  
Profesor E.F. Instituto Puga Ramón: A2-1  
Profesor E.C. Instituto Puga Ramón: A2-1  
Monitor: A2-1  
Analistas técnicos: A2-3  
Subinspector de tributos locais: A2-2  
Técnicos de xestión tributaria: A2-29  
Profesores técnicos FP : A2-17  
Profesor de apoio IES Puga Ramón: A2-1  
A. T.S ./D.U.E. de empresa: A2-1  
Asesor sistemas xestión municipal: A2-5  
Técnico de xestión administración especial: A2-3  
Educador Fogar Infantil Ferrol: A2-2ç

### **CLASE TÉCNICOS AUXILIARES**

Delineantes: C1-6  
Programador de sistemas: C1-3  
Técnico explotación nocturna: C1-1  
Programador de aplicacións: C1-8  
Operador de ordenador: C1-3  
Preparador de traballos: C1-1  
Encargado de protocolo: C1-1  
Monitor técnico: C1-2  
Axentes tributarios: C1-3  
  
Especialista en educación infantil: C1-2  
Educador F.I. Emilio Romay (vez 24 horas): C1-5

Educador/ Titor : C1-6  
Auxiliar técnico infraest. e conservación: C1-17

### **SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS**

Condutores mecánicos: C2-5  
Auxiliares gravadores: C2-1  
Auxiliar educadora: C2-47  
Subgobernanta : C2-1  
Telefonista: E (Lei 30/1984)-4  
Celadoras: E (Lei 30/1984)-10  
Celadora/subalerno: E (Lei 30/1984)-2  
Costureiras: E (Lei 30/1984)-2  
Condutores mecánicos: E (Lei 30/1984)-9

### **PERSOAL DE OFICIOS**

Oficial operario de servizos: C2-2  
Oficiais industriais imprenta: C2-4  
Cociñeiros: C2-5  
Axudantes de cociña: E (Lei 30/1984)-4  
Camareiras: E (Lei 30/1984)-6  
Operario de servizo: E (Lei 30/1984)-1  
Operario Sabón: E (Lei 30/1984)-2  
Operaria de servizos varios: E (Lei 30/1984)-3  
Limpadora: E (Lei 30/1984)-2

### **PERSOAL LABORAL**

Recadador de tributos locais: 2

Oficiais maiores: 5  
Oficiais 1ª (R): 10  
Oficiais 2ª (R): 23  
Profesores de ensino secundario.: 1  
Axudante de arquivo biblioteca: 1  
Director Fogar Infantil Ferrol: 1  
Técnico de son: 1  
Operario auxiliar serv. imprenta: 1  
Operario auxiliar serv. biblioteca: 1  
Operario auxiliar serv. C. Danza: 1  
Oficial operario de servizos: 3  
A. T.S.: 1  
Oficial mantemento: 1  
Oficial carpintería: 1  
Ordenanzas: 2  
Subalternos: 6  
Sereno: 1  
Telefonistas: 2  
Axudante de cociña: 4  
Oper . serv. varios: 8  
Celadoras: 7  
Encargadas de portaría: 2  
Corrector de imprenta: 2  
Responsables fotocomposición, impresión e deseño gráfico: 3  
Oficiais de imprenta F.P. II: 7  
Oficiais industriais: 1  
Auxiliar de taller: 1  
Impresor: 1  
Gravadores de texto: 3  
Gobernanta Pazo de Mariñán: 1

Cociñeira: 8  
Camareira: 2  
Oper . agrícola: 3



Operario agrícola encargado: 1  
Auxiliar técnico en Topografía: 2  
Mozo de servizo:2  
Conductor: 1

### **PERSOAL EVENTUAL**

Asesores: 1  
Técnicos: 6  
Técnicos: 4  
Administrativos: 9  
Auxiliares: 17

## RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA - PERSOAL FUNCIONARIO - 2008

POSTO DE TRABAJO	NIVEL	GRUPO	DOTACIÓN	C. ESPECÍFICO 2008	TP	FORMA PROVISIÓN	ADM ESCALA	TITULACIÓN	FORMACIÓN ESPECÍFICA	OBSERVACIÓNS
<b>ASESORÍA XURÍDICA</b>										
ASESOR XURÍDICO	28	A1	1	27.832,66	S	C.	A.E .	Ldo . Dereito.		ESPECIAL DEDICACIÓN
LETRADO ASESOR ADXUNTO	26	A1	2	26.648,39	S	C.	A.E .	Ldo . Dereito.		ESPECIAL DEDICACIÓN
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	1	12.947,37	N	C.	A.X .	3		ESPECIAL DEDICACIÓN
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	1	6.252,40	N	C.	A.X .	3		
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	1	5.615,75	N	C.	A.X .	4		
<b>BIBLIOTECA PROVINCIAL</b>										
ARQUIVEIRO-BIBLIOTECARIO	24	A1	1	14.963,70	S	C.	A.E .	Ldo.Xeog.H .- Documentación		HABILITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
AXUDANTE ARQUIVO E BIBL.	21	A2	10	7.638,86	N	C.	A.E .	Dip.Xeog.H .- ARQUIVO		
XEFE NEGOCIADO	22	A2	1	9.389,30	N	C.	A.E .	Dip.Xeog.H .- ARQUIVO		
TÉCNICO BIBLIOTECA E ARQUIVO	22	A1	1	8.476,87	N	C.	A.E .	Ldo . Xeog.H.- Biblioteconomía.		
ESPECIALISTA EDUC. INFANT.	19	C1	2	6.252,40	N	C.	A.E .	Técnico superior Educ.Infantil		
ADMINISTRATIVO	19	C1	4	6.252,40	N	C.	A.X .	3		

ADMÓN. XERAL									
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	1	6.533,75	N C.	A.X .	4		TRAMITACIÓN ANTICIPOS CAIXA FIXA
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	3	5.615,75	N C.	A.X .	4		(2 OCUPADAS AUX. LABORAIS)
SUBALTERNO	13	E (L.30/84)	2	5.160,25	N C.	A.X .	5		
<b>ACTAS, REXISTRO E INFORMACIÓN</b>									
XEFE SECCIÓN	24	A1/A2	1	15.518,70	S C.	AX/AE	1/2/9		APERTURA PÚBLICO SÁBADOS
XEFE NEGOCIADO	22	A2/C1	1	10.862,30	N C.	AX/AE	2/3/9		APERTURA PÚBLICO SÁBADOS
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	7	7.725,40	N C.	A.X .	3		APERTURA PÚBLICO SÁBADOS
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	3	7.088,75	N C.	A.X .	4		APERTURA PÚBLICO SÁBADOS
TELEFONISTA	13	E (L.30/84)	2	6.603,00	N C.	A.E .	5		APERTURA PÚBLICO SÁBADOS
<b>I.E.S . CALVO SOTELO</b>									
PROFESOR SECUNDARIA	24	A1	8	7.014,67	S C.	A.E .	Ldo . sup. espec. ou equiv. Efectos docencia		(1 OCUPADA FUNC. GRUPO B) - (***)
PROFESOR TÉCNICO F.P.	24	A2	17	7.014,67	S C.	A.E .	Téc.espec.FP 2 ou equiv.		(***)
<b>SERVIZOS XERAIS CENTRO EDUCATIVO CALVO SOTELO</b>									
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	1	6.986,80	N C.	A.X .	3		TRAMITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	1	6.350,15	N C.	A.X .	4		TRAMITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	2	5.615,75	N C.	A.X .	4	
SUBALTERNO	13	E (L.30/84)	1	7.271,21	N C.	A.X .	5	QUENDAS
<b>CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO</b>								
COCIÑEIRO/A	15	C2	1	11.609,49	N C.	A.E .	4	FESTIVIDADE, QUENDAS
AXUDANTE COCIÑA	13	E (L.30/84)	1	10.764,00	N C.	A.E .	5	FESTIVIDADE, QUENDAS
COSTUREIRO/A	13	E (L.30/84)	2	4.537,76	N C.	A.E .	5	
LIMPADOR/A	13	E (L.30/84)	2	4.537,76	N C.	A.E .	5	
<b>CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA</b>								
PROFESOR DANZA	21	A2	2	8.556,86	N C.	A.E .	Dip . Ballet Clásico	HABILITADOS ANTICIPOS
PROFESOR DANZA	21	A2	4	7.638,86	N C.	A.E .	Dip . Ballet Clásico	(OCUPADAS PROF. LABORALES)
PROFESOR MUSICA- PIANISTA	21	A2	5	7.638,86	N C.	A.E .	Dip . Música ou equiv.	(1 OCUPADA PROF. LABORAL)
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	1	6.350,15	N C.	A.G .	4	TRAMITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
<b>CONTABILIDADE</b>								
XEFE SERVIZO	28	A1	1	27.832,66	S C.	A.G .	1	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN REC. MUNIC. E CONTA XERAL	24	A1/A2	1	14.045,70	S C.	AX/AE	1/2/9	
XEFE SECC. CONTAB. E OPER.NON PRESUPOST.	24	A1/A2	1	14.045,70	S C.	AX/AE	1/2/9	

XEFE NEGOC.CONT.FINANC. E PRESUPOST.	22	A2/C1	1	9.389,30	N C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOC.REC.MUNIC. E CONTA XERAL	22	A2/C1	1	9.389,30	N C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOC.CONT.ANAL. E PATRIMONIAL.	22	A2/C1	1	9.389,30	N C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO FACTURAS	22	A2/C1	1	9.389,30	N C.	AX/AE	2/3/9	
TECNICO XESTIÓN ECON.-FINANCEIRA	21	A2	1	7.638,86	N C.	A.E .	2	
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	6	6.252,40	N C.	A.X .	3	
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	1	5.615,75	N C.	A.X .	4	
<b>ENXEÑERÍA E MANTEMENTO</b>								
XEFE DE SERVIZO ENXEÑERÍA E MANTEMENTO	28	A1	1	27.832,66	S C.	A.E .	Enxeñeiro industrial.	ESPECIAL DEDICACIÓN
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	1	6.252,40	N C.	A.X .	3	
OFICIAL OPERARIO SERVIZOS	16	C2	2	7.822,38	N C.	A.E .	4	
OPERARIO/A OFICIOS VARIOS	13	E (L.30/84)	1	4.542,26	N C.	A.E .	5	
ENXEÑEIRO TÉCNICO	21	A2	1	7.638,86	N C.	A.E .		
<b>ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO</b>								
ASESOR	28	A1	1	36.557,12	E EVENT			ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	26	A1	2	26.648,39	E EVENT			ESPECIAL DEDICACIÓN

TÉCNICO	24	A1	4	25.545,91	E	EVENT			ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO	21	A2	4	16.022,04	E	EVENT			ESPECIAL DEDICACIÓN
ADMINISTRATIVO	19	C1	9	12.947,37	E	EVENT			ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR	16	C2	10	11.278,78	E	EVENT			ESPECIAL DEDICACIÓN
AUXILIAR	16	C2	7	5.615,75	E	EVENT			
SECRETARÍA PARTICULAR DEPUTADOS, PRESIDENTES COMISIONES INFORMATIVAS E ASIMILADOS	18	C2/C1	9	12.606,61	N	L.D.	A.X.	3/4	ESPECIAL DEDICACIÓN
<b>FISCALIZACIÓN</b>									
XEFE SERVICIO	28	A1	1	27.832,66	S	C	A.X.	1	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN 1	24	A1/A2	1	14.045,70	S	C.	AX/AE	1/2/9	
XEFE SECCIÓN 2	24	A1/A2	1	14.045,70	S	C.	AX/AE	1/2/9	
XEFE NEGOCIADO (RECURSOS PROPIOS)	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO F. PERSONAL	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO F. PLANS	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO I (REC. OUTROS ENTES PÚBL.)	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO F. SUBVEN.	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO F. CONVEN.	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
TÉCNICO XESTIÓN ECON.-FINANCEIRA	21	A2	1	7.638,86	N	C.	A.E.	2	
TÉCNICO XESTIÓN	21	A2	1	7.638,86	N	C.	A.E.	2	

<b>TRIBUTARIA</b>									
TÉCNICO XESTIÓN ADMÓN. XERAL	21	A2	2	7.638,86	N	C	A.X.	9	
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	14	6.252,40	N	C.	A.X.	3	
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	1	5.615,75	N	C.	A.X.	4	
<b>HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY</b>									
DIRECTOR/A	22	A1	1	20.102,30	N	C.	A.E.	Lic. Psicología, Pedagogía, Psicopedagogía	ESPECIAL DEDICACIÓN
PSICÓLOGO/A	22	A1	1	4.238,43	N	C.	A.E.	Lic. Psicología	HABILITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
EDUCADOR/A	19	C1	5	10.143,31	N	C.	A.E.	Técnico superior Educ. Infantil	1/2 XORNADA QUENDAS DE 24 HORAS
EDUCADOR/A TUTOR/A	19	C1	4	6.252,40	N	C.	A.E.	Técnico superior Educ. Infantil	
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	1	7.170,40	N	C.	A.G.	4	HABILITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
COCINERO/A	15	C2/E (L.30/84)	3	11.609,54	N	C.	A.E.	4	
AUXILIAR EDUCADOR/A	16	C2	30	10.144,87	N	C.	A.E.	4	FESTIVIDADE, QUENDAS(2 OCUPADAS POR CELADOR/A)
CELADOR/A	14	E (L.30/84)	10	10.144,87	N	C.	A.E.	5	FESTIVIDADE, QUENDAS
TELEFONISTA	13	E (L.30/84)	2	10.824,92	N	C.	A.E.	5	FESTIVIDADE, QUENDAS
OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS	13	E (L.30/84)	3	4.537,76	N	C.	A.E.	5	
AYUDANTE COCIÑA	13	E (L.30/84)	1	10.764,00	N	C.	A.E.	5	FESTIVIDADE, QUENDAS

AUXILIAR EDUCADOR/A NOCTURNO	16	C2	6	11.654,05	N	C.	A.E .	4	FESTIVIDADE, NOCTURNIDADE (1 OCUPADA POR VELADORA)
<b>FOMENTO E SERVIZOS PROVINCIAIS</b>									
XEFE SERVIZO	28	A1	1	27.832,66	S	C.	A.X .	1	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS	24	A1/A2	1	14.963,70	S	C.	AX/AE	1/2/9	HABILITACION DE ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
XEFE SECCIÓN PROMOCIÓN ECONÓMICA	24	A1/A2	1	14.045,70	S	C.	AX/AE	1/2/9	
XEFE SECCIÓN EDUC., CULTURA E DEPORTES	24	A1/A2	1	14.045,70	S	C.	AX/AE	1/2/9	
TECNICO XESTIÓN CULTURAL	24	A1	1	25.545,91	S	C.	A.E .	Lic.área C.Humanas	ESPECIAL DEDICACIÓN
TÉCNICO NORMALIZ. LINGÜÍST.	22	A1	2	8.476,87	N	C.	A.E .	Ldo . Fil.H.- Galego	
TÉCNICO POLÍTICAS IGUALD.E POL. PÚBL.	22	A1	1	8.476,87	N	C.	A.E .	Lic. Socioloxía, Psicoloxía, Dereito, Ciencias da Admón.	
TÉCNICO SERV. SOCIAIS	22	A1	1	11.707,24	N	C.	A.E .	Lic. Socioloxía, Dereito, Ciencias da Admón.	
XEFE NEGOCIADO DEPORTES	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO PROMOCIÓN ECONÓMICA	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO SERVIZOS SOCIAIS	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO CULTURA	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
TÉCNICO SERV. SOCIAIS	22	A2	3	11.707,24	N	C.	A.E .	Dip.Traballo Social	



TÉCNICO XEST. ADM. XERAL	21	A2	2	7.638,85	N	C.	A.X.	9	
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	13	6.252,40	N	C.	A.X.	3	
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	2	5.615,75	N	C.	A.X.	4	
<b>PLANIFICACIÓN, DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E UNIÓN EUROPEA</b>									
XEFE SERVIZO	28	A1	1	27.832,66	S	C.	AX/AE	1/6/9	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN U.E. E AC.EXT.	24	A1/A2	1	14.045,70	S	C.	AX/AE	1/2/6/7/9	
TÉCNICO XESTIÓN PROXECTOS	22	A1	2	8.476,87	N	C.	A.E.	1/6/7	
TÉCNICO SUPERIOR UNIÓN EUROPEA	22	A1	2	8.476,87	N	C.	A.E.	1/7	
XEFE NEGOCIADO	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	2	6.252,40	N	C.	A.X.	3	
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	1	5.615,75	N	C.	A.X.	4	
<b>IMPRESA PROVINCIAL: BOLETÍN OFICIAL</b>									
ENCARGADO IMPRESA	21	A2	1	17.945,18	N	C.	A.E.	2	ESPECIAL DEDICACIÓN
OFICIAL INDUSTRIAL	16	C2	4	9.293,20	N	C.	A.E.	4	
ADMINISTRATIVO	19	C1	1	6.986,80	N	C.	A.X.	3	TRAMITACIÓN ANTICIPOS CAIXA FIXA
<b>INSPECCIÓN TRIBUTARIA</b>									
XEFE SERVIZO	28	A1	1	27.832,66	S	C.	A.E.	1	ESPECIAL

INSPECTOR TRIBUTOS LOCAIS	26	A1	1	26.648,39	S	C.	A.E .	1	DEDICACIÓN ESPECIAL DEDICACIÓN
SUBINSPECTOR TRIBUTOS LOCAIS	24	A2	2	10.817,87	S	C.	A.E .	2	
TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA	21	A2	2	7.638,85	N	C.	A.E .	2	
AXENTE TRIBUTARIO	21	C1	3	7.965,79	N	C.	A.E .	3	
ADMINISTRATIVO	19	C1	4	6.252,40	N	C.	A.X .	3	
<b>I.E.S . RAFAEL PUGA RAMÓN</b>									
PROFESOR ENSINO SECUNDARIO	24	A1	2	7.932,67	S	C.	A.E .	Ldo . Sup. Espec. ou equiv. efectos docencia	(***) HABILITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
PROFESOR ENSINO SECUNDARIO	24	A1	34	7.014,67	S	C.	A.E .	Ldo . Sup. Espec. ou equiv. efectos docencia	(***)
PROFESOR DE APOIO	21	A2	1	7.014,67	N	C.	A.E .	Diplomado	
PROFESOR EDUCACIÓN FISICA	24	A2	2	7.014,67	S	C.	A.E .	Ldo . Sup. Espec. ou equiv. efectos docencia	(***)
PROFESOR FOGAR	24	A2	1	7.014,67	S	C.	A.E .	Diplom . Espec.	(***)
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	2	6.986,80	N	C.	A.X .	3	TRAMITACIÓN ANTICIPOS CAIXA FIXA
SUBALTERNO / CELADOR/A	13	E (L.30/84)	2	5.922,95	N	C.	A.E .	5	
SUBALTERNO	13	E (L.30/84)	1	5.160,25	N	C.	A.X .	5	
<b>INTERVENCIÓN XERAL</b>									
INTERVENTOR XERAL	30	A1	1	41.196,80	S	L.D .	H.N .		Hab. Estatal ESP. DEDICACIÓN
VICEINTERVENTOR	30	A1	1	36.557,12	S	L.D .	H.N .		Hab. Estatal ESP. DEDICACIÓN

INTERVENTOR ADXUNTO SECRETARÍA	30 22	A1 A2/C1	1 2	36.557,12 9.389,30	S L.D. N L.D.	H.N. A.X.			Hab. Estatal ESP. DEDICACIÓN
<b>ORZAMENTOS E ESTUDIOS ECONÓMICOS</b>									
XEFE SECCIÓN	24	A1/A2	1	14.045,70	S C.	AX/AE	1/2/9		
XEFE NEGOCIADO	22	A2/C1	1	9.389,30	N C.	AX/AE	2/3/9		
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	1	6.252,40	N C.	A.X.	3		
TÉCNICO XEST. ADM. ESPECIAL	21	A2	1	7.638,85	S C.	A.E.	9		
<b>PARQUE MÓBIL</b>									
XEFE PARQUE MÓBIL	18	C2	1	15.738,01	N C.	A.E.	4		ESPECIAL DEDICACIÓN
<b>HABILITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA</b>									
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	1	7.170,40	N C.	A.X.	4		HABILITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA
SUBXEFE PARQUE MÓBIL	16	C2/E (L.30/84)	1	11.284,69	N C.	A.E.	4		ESPECIAL DEDICACIÓN
CONDUCTOR PRESIDENCIA	15	C2	2	20.433,83	N C.	A.E.	4		ESPECIAL DEDICACIÓN
CONDUCTOR	15	C2/E (L.30/84)	10	11.955,54	N C.	A.E.	4		ESP. DED. (9 ocupadas func. grupo E)
<b>PATRIMONIO E CONTRATACIÓN</b>									
XEFE SERVIZO	28	A1	1	28.750,66	S C.	A.X.	1		ESPECIAL DEDICACIÓN

XEFE SECCIÓN	24	A1/A2	1	14.045,70	S	C.	AX/AE	1/2/9	HABILITACIÓN ANTICIPOS DE CAIXA FIXA ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE NEGOCIADO OBRAS	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO PATRIMONIO E EXPROPIAC.	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO CONTRATOS ESPEC., CONV.	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO SUBMINISTRACIÓNS	22	A2/C1	1	10.307,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	HABILITACIÓN ANTICIPOS CAIXA FIXA
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA	22	A2	1	9.568,58	N	C.	A.E .	Enxeñeiro téc.Agríc .	
TÉCNICO XESTIÓN ADMÓN. XERAL	21	A2	2	7.638,85	N	C.	A.G .	9	
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	8	6.252,40	N	C.	A.X .	3	
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	3	6.986,80	N	C.	A.X .	3	TRAMITACIÓN ANTICIPOS CAIXA FIXA
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	2	5.615,75	N	C.	A.X .	4	
<b>PAZO DE MARIÑÁN</b> SUBGOVERNANTA	16	C2	1	6.364,03	N	C.	A.E .	4	RESIDENCIA CULTURAL
COCIÑEIRO/A	15	C2	1	7.387,57	N	C.	A.E .	4	RESIDENCIA CULTURAL
AXUDANTE DE COCIÑA	13	E (L.30/84)	2	6.542,08	N	C.	A.E .	5	RESIDENCIA CULTURAL
CAMAREIRO/A	13	E (L.30/84)	6	6.542,08	N	C.	A.E .	5	RESIDENCIA CULTURAL

**SECRETARÍA  
PARTICULAR DE  
PRESIDENCIA E  
RELACIONES PÚBLICAS**

PERIODISTA	24	A1	1	27.124,28	S	C.	A.E.	Ldo.CC.Inf.- Periodismo	ESPECIAL DEDICACIÓN. DISPONIBILIDADE FESTIVOS
XEFE NEGOCIADO	22	A2/C1	1	17.507,27	N	C.	AX/AE	2/3/9	ESPECIAL DEDICACIÓN
ENCARGADO PROTOCOLO	21	C1	1	21.174,30	N	C.	A.E.	3	ESPECIAL DEDICACIÓN
SECRETARÍO/A PRESIDENCIA	19	C1	1	17.507,27	N	C.	A.X.	3	ESPECIAL DEDICACIÓN. NOCTURNIDADE. DISPONIBILIDADE FESTIVOS
SECRETARIO/A VICEPRESIDENCIA	19	C1	1	12.947,37	N	L.D.	A.X.	4	ESPECIAL DEDICACIÓN
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	2	6.252,40	N	C.	A.X.	3	
SECRETARÍA PRENSA	22	C1	1	17.507,27	N	L.D.	A.X.	3	ESPECIAL DEDICACIÓN
<b>SECRETARÍA XERAL</b>									
OFICIAL MAIOR	30	A1	1	36.557,12	S	L.D.	H.N.		Hab. Estatal ESP. DEDICACIÓN
SECRETARIO XERAL	30	A1	1	41.196,80	S	L.D.	H.N.		Hab. Estatal ESP. DEDICACIÓN
SECRETARIO/A DE SECRETARÍA XERAL	22	A2/C1	1	9.389,30	N	L.D.	A.X.	2/3/9	
SECRETARÍA OFICIALÍA MAIOR	22	A2/C1	1	9.389,30	N	L.D.	A.X.	2/3/9	

**SERVIZO DE  
ASISTENCIA A  
MUNICIPIOS**

XEFE SERVICIO ASISTENCIA ECONÓMICA	28	A1	1	36.557,12	S	C.		H.N .		Hab. Estatal ESP. DEDICACIÓN
XEFE SERVICIO ASISTENCIA TÉCNICA	28	A1	1	27.832,66	S	C.		A.E .		ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN INFORMES	24	A1/A2	1	14.045,70	S	C.		AX/AE	1/2/9	
ARQUITECTO	22	A1	1	8.892,50	N	C.		AE	Arquitecto	
ARQUITECTO TÉCNICO	22	A2	1	9.568,58	N	C.		A.E .	Arquitecto técnico	
TÉCNICO XEST. ADM. ESPECIAL	21	A2	2	7.638,85	S	C.		A.E .	9	
DELINEANTE	19	C1	1	6.252,45	N	C.		A.E .	Delineante	
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	2	6.252,40	N	C.		A.X .	3	
<b>SERVICIO DE INFORMÁTICA</b>										
XEFE SERVICIO	28	A1	1	27.832,66	S	L.D .	A-3	AX/AE	Enx . super. Lic. sup. Inform., Lic. Sup. CC. Físicas	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN INFORMÁTICA DISTRIBUÍDA	24	A1	1	14.045,70	S	C.		A.E .	Ldo.sup .-Inform.	
XEFE SECCIÓN TÉCNICA DE SISTEMAS	24	A1	1	14.045,70	S	C.		A.E .	Ldo.sup .-Inform.	
XEFE SECCIÓN INFORMÁTICA CORPORATIVA	24	A1	1	14.045,70	S	C.		A.E .	Ldo.sup .-Inform.	
ANALISTA	22	A1	4	8.892,50	N	C.		A.E .	Ldo.sup .-Inform.	
ADMINISTRADOR DO CONTORNO INFORMÁTICO	22	A1	1	8.892,50	N	C.		A.E .	Ldo.sup .-Inform.	
ANALISTA PROGRAMADOR	22	A2	2	9.568,57	N	C.		A.E .	Dip.univ .-Inform.	
ANALISTA TÉCNICO	21	A2	3	7.639,29	N	C.		A.E .	Dip.univ .-Inform.	
MONITOR	21	A2	1	7.639,29	N	C.		A.E .	Dipl.univ.Inform .	
PROGRAMADOR DE SISTEMAS	19	C1	3	6.741,89	N	C.		A.E .	FP-2.Inf.XESTIÓN	

PROGRAMADOR DE APLICACIONES	19	C1	7	6.505,59	N	C.	A.E .	FP-2.Inf.XESTIÓN		
MONITOR TÉCNICO	19	C1	2	6.252,45	N	C.	A.E .	FP-2.Inform.		
TÉCNICO EXPLOTACIÓN NOCTURNA	19	C1	1	6.308,79	N	C.	A.E .	FP-2.Inf.XESTIÓN		
OPERADOR DE ORDENADOR	17	C1	3	6.252,45	N	C.	A.E .	FP-2.Inf.XESTIÓN		
PREPARADOR DE TRABAJO	17	C1	1	6.252,45	N	C.	A.E .	3		
AUXILIAR GRAVADOR	16	C2	1	5.615,75	N	C.	A.E .	4		
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	1	6.252,40	N	C.	A.X .	3		
<b>SERVICIO DE ORGANIZACIÓN, CALIDADE E MODERNIZACIÓN</b>										
XEFE SERVICIO	28	A1	1	27.832,66	S	L.D .	AX/AE	1/6	CURSO INSPEC.SERVICIOS	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN ORGAN. E INOVAC. TECNOLÓX.	24	A1/A2	1	14.045,70	S	C.	AX/AE	1/2/9		
XEFE SECCIÓN CALIDADE E MODERNIZACIÓN	24	A1/A2	1	24.824,60	S	C.	AX/AE	1/2/9	CURSO INSPEC.SERVICIOS	ESPECIAL DEDICACIÓN
XEFE SECCIÓN ASIST. INFORMÁT. A MUNIC.	24	A1/A2	1	14.045,70	N	C.	A.E .	Lic./Diplom. Informática		
TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN	24	A1	2	10.258,05	S	C.	A.E .	1/6		
TÉCNICO SUPERIOR INFORMÁTICA	22	A1	4	8.476,87	N	C.	A.E .	Lic.Informática		
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	2	6.252,40	N	C.	A.G .	3		
ASESOR SISTEMAS XESTIÓN MUNICIPAL	21	A2	5	7.638,86	S	C.	A.E .	9		
PROGRAMADOR APLICACIONES	19	C1	1	6.505,59	N	C.	A.E .	FPII-Inf. XESTIÓN		

**SERVIZO PROVINCIAL  
DE RECADACIÓN**

XEFE SERVICIO	28	A1	1	27.832,66	S	C.	A.X.	1	ESPECIAL DEDICACIÓN
RECADADOR XEFE TERRITORIAL DE ZONA	24	A1	2	11.424,90	S	L.D.	AX/AE	1	
COORDINADOR XESTIÓN RECADATORIA	22	A2/C1	1	14.045,70	N	C	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO CONTABILIDADE	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOC. RECURSOS	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO	22	A2/C1	1	9.389,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	
XEFE NEGOCIADO	22	A2/C1	1	10.307,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	(OCUPADO ADMINIST. LABORAL). HABILITACIÓN ANTICIPOS CAIXA FIXA
XEFE NEGOCIADO XESTIÓN RECADATORIA	22	A2/C1	1	10.307,30	N	C.	AX/AE	2/3/9	HABILITACIÓN ANTICIPOS CAIXA FIXA
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	1	6.986,80	N	C.	A.X.	3	TRAMITACIÓN ANTICIPOS CAIXA FIXA
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL	19	C1	9	6.252,40	N	C.	A.X.	3	
AUXILIAR ADMÓN. XERAL	16	C2	2	5.615,75	N	C.	A.X.	4	
TÉCNICO XESTIÓN TRIBUTARIA	21	A2	6	7.638,86	N	C.	A.X.	2	
<b>SERVIZOS INTERNOS</b>									
XEFE SERVICIOS INTERNOS	14	C2/E (L.30/84)	1	14.815,76	N	C.	A.X.	4	ESPECIAL DEDICACIÓN
SUBXEFE SERVICIOS	14	C2/E	1	5.573,13	N	C.	A.X.	5	



INTERNOS		(L.30/84)							
